

**CONCELLO
DE VIGO**



MEMORIA BENESTAR SOCIAL

2025

Índice

CONCELLO
DE VIGO



1

Vigo e a súa realidade social [04]

- 1.1. A poboación de Vigo hoxe
- 1.2. Principais características demográficas
- 1.3. Contexto económico e laboral
- 1.4. Claves sociais para comprender a cidade

2

Que son os servizos sociais municipais e cómo se estruturan en Vigo [11]

- 2.1. Que son e para que serven
- 2.2. Como están organizados en Vigo: A Área de Política Social
- 2.3. Organización territorial e acceso ao sistema
- 2.4. Niveis de intervención do sistema
- 2.5. Unha rede pública de proximidade ao servizo da cidadanía de Vigo

3

Servizos sociais comunitarios para a poboación en xeral [17]

- 3.1. Servizos sociais comunitarios básicos para a poboación en xeral
- 3.2. Principais datos de intervención no 2025
- 3.3. Perfil sociodemográfico e sectores da poboación atendida
- 3.4. Distribución territorial da atención e das citas
- 3.5. Xestión e tipoloxía da intervención social
- 3.6. Programa contra o desafiuzamento e de emerxencia social
- 3.7. Programa de axudas escolares de material escolar e comedor

4

Infancia e familia [31]

- 4.1. O papel dos servizos sociais no ámbito da familia
- 4.2. PSEAF Programa Socioeducativo de apoio as familias
- 4.3. Convenios con entidades sociais

5

Inclusión social e atención a persoas en situación de vulnerabilidade [42]

- 5.1. Programa de Inclusión Sociolaboral
- 5.2. Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES)
- 5.3. Inclusión e acompañamento nos procesos de reforzo da autonomía
- 5.4. Servizos transversais: Promover os dereitos e apoiar a vida coitá
- 5.5. Protocolo Frío – Calor, un programa único en Galicia
- 5.6. Convenios con entidades sociais

6

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores [56]

- 6.1. O papel dos servizos sociais no ámbito dos maiores
- 6.2. Servizo de Axuda no Fogar (SAF)
- 6.3. Programa Xantar na Casa
- 6.4. Servizo de Teleasistencia
- 6.5. Programa de coidadores e coidadoras de barrio
- 6.6. Programa Vigo, cidade dos maiores
- 6.6. Convenios con entidades sociais

7

Servizos e programas para o colectivo de persoas migrante [76]

- 7.1. Vigo, unha cidade de acollida e integración
- 7.2. Programa de información e asesoramento

8

Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas con discapacidade [84]

- 8.1. Programa Vigo Inclusivo
- 8.2. Convenios con entidades sociais

9

Servizos e programas para prevención de condutas aditivas [92]

- 9.1. Plan Local sobre Drogodependencia e outras Adiccións (PLDA)
- 9.2. Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD-CEDRO)
- 9.3. Outros programas realizados no 2025
- 9.4. Convenios con entidades sociais

10

Fomento da solidariedade [97]

- 10.1. Cooperación internacional
- 10.2. Subvencións a entidades sociais

11

Formación e educación [103]

- 11.1. Centro Municipal de Formación do Concello de Vigo
- 11.2. Proxecto de inclusión dixital e competencias tecnolóxicas (CRI-TIC)

CARTA DA CONCELLEIRA

Temos o pracer de presentar a Memoria de Benestar Social do Concello de Vigo 2025, un documento que recolle o traballo desenvolvido ao longo de 2025 e que foi elaborado cun obxectivo claro: ofrecer unha visión máis próxima, accesible e útil dos servizos sociais municipais.

Os servizos sociais son unha parte integral da vida cotiá na cidade. Están presentes no coidado que se presta ás persoas e familias que precisan apoio, na resposta a situacións de vulnerabilidade e no apoio que se lle ofrece a quen require orientación, recursos e seguimento. En resumo, son un compoñente esencial da cohesión social en Vigo.

Por esta razón, este informe abórdouse desde unha perspectiva máis pedagóxica, dinámica e comunicativa. Non busca simplemente compilar datos ou enumerar programas, senón expoñer claramente o que fan os servizos sociais municipais, como están organizados, os perfís das persoas atendidas e as principais liñas de acción e actuación durante o 2025.

Vigo é unha cidade aberta, plural e diversa, que xestiona unha realidade social complexa que esixe unha resposta pública áxil, eficaz e ben organizada.

No Concello de Vigo, seguimos a traballar para reforzar esta capacidade de resposta e consolidar un enfoque centrado nas persoas e no seu coidado e autonomía.

Este informe ten como obxectivo contribuír a comunicar mellor o traballo feito, poñer en valor o labor dos equipos profesionais dos distintos programas da concellería e ofrecer á cidadanía de Vigo unha idea máis clara dos servizos sociais municipais e do seu funcionamento.

Yolanda Aguiar Castro

Concelleira da Área de Política Social e Participación Cidadá



OS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS FORMAN PARTE DA VIDA COTIÁ DA CIDADE

Esta memoria nace para achegar á cidadanía unha visión clara e comprensible da organización dos servizos sociais municipais, dos seus programas e das respostas que ofrecen ás necesidades sociais da cidade.



A CIDADE

A REALIDADE SOCIAL DE VIGO, OS SEUS CAMBIOS DEMOGRÁFICOS E AS NECESIDADES QUE ORIENTAN A POLÍTICA SOCIAL MUNICIPAL.

A REDE

A ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS, AS SÚAS PORTAS DE ENTRADA E OS RECURSOS DISPOÑIBLES PARA A CIDADANÍA.



A RESPOTA

OS PROGRAMAS, APOIOS E INTERVENCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO BENESTAR, Á INCLUSIÓN E Á AUTONOMÍA DAS PERSOAS.

CONCELLO
DE VIGO



1

Vigo e a súa realidade social



1.1. A POBOACIÓN DE VIGO HOXE

Vigo e a súa realidade social

Vigo é o principal centro urbano de Galicia e un dos concellos con maior poboación do noroeste da Península Ibérica. Segundo o censo municipal oficial a 1 de xaneiro de 2025, a cidade tiña **295.735 habitantes**, o que supón un crecemento moderado respecto ao ano anterior e confirma unha tendencia recente marcada pola estabilidade. A estrutura da poboación tamén amosa unha **maioría de mulleres**: 156.304 mulleres fronte a 139.431 homes.

VIGO, UNHA CIDADE ACTIVA E DEMOGRAFICAMENTE ESTABLE

Esta estabilidade cuantitativa convive con cambios demográficos fundamentais que son particularmente relevantes para o deseño e a planificación das políticas públicas e das políticas sociais.

Os indicadores demográficos sitúan a proporción da **poboación de 65 anos e máis no arredor do 24%**, mentres que a **poboación de 0 a 14 anos se sitúa no arredor do 12%**, o que reflicte unha estrutura demográfica marcada pola lonxevidade e pola necesidade de seguir reforzando os coidados, a autonomía persoal e os apoios de proximidade.

POR CADA 100 MENORES DE 20 ANOS HAI:

148

**PERSOAS MAIORES EN
ESPAÑA**

232

**PERSOAS MAIORES EN
GALICIA**

152*

**PERSOAS MAIORES EN
VIGO**

*Vigo sitúase por debaixo da media galega no índice de senectude e presenta unha estrutura demográfica máis próxima á media estatal.

**A ESTABILIDADE DEMOGRÁFICA
DE VIGO E A SÚA ESTRUCTURA DE
POBOACIÓN SITÚAN A CIDADE
NUNHA POSICIÓN DIFERENCIAL
DENTRO DO CONTEXTO GALEGO**



1.1. A POBOACIÓN DE VIGO HOXE

Vigo e a súa realidade social


UN VIGO CON MAIOR DIVERSIDADE DE ORIXES E TIPOLOXÍAS DE FAMILIAS

A esta realidade engádese unha diversidade de orixes crecente. Os datos dispoñibles amosan un aumento sostido da poboación nacida no estranxeiro, que representa xa máis do 7 % da poboación total da cidade. Este fenómeno contribúe á estabilidade demográfica de Vigo e é un factor clave para comprender a diversidade de situacións sociais presentes no concello.

As novas tipoloxías familiares, como **as familias monomarentais, son cada vez máis habituais**. Por iso, cómpre telas en conta nos programas de atención ás familias, deseñando respostas que apoién especialmente ás nais sen rede familiar de apoio, faciliten a conciliación, favorezan a integración e contribúan a previr situacións de vulnerabilidade ou exclusión social.

**VIGO MANTÉN A SÚA
POBOACIÓN E EVOLUCIONA
CARA A UNHA REALIDADE
DEMOGRÁFICA MÁIS DIVERSA**

295.735 HABITANTES



**139.431
HOMES**


**156.304
MULLERES**

**65 anos
ou máis**

**0-14
anos**

12%

24 %



1.2. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS

Vigo e a súa realidade social



MÁIS DO 7 % DE POBOACIÓN MIGRANTE

Os datos demográficos municipais de 2025 amosan **1.473 nacementos**, **3.029 defuncións** e, en consecuencia, un crecemento natural negativo de -1.556 persoas. A pesar disto, a poboación de Vigo mantense estable, o que permite observar unha tendencia na que a estabilidade demográfica depende menos do crecemento natural e máis dos movementos migratorios.

A realidade migratoria forma parte da identidade dunha cidade plural, aberta e acolledora. Vigo mira sempre cara á súa historia e non esquece que tamén foi protagonista, non hai tanto tempo, da emigración.

Desde esta memoria colectiva, o Concello aposta por unha cidade integradora, que ofrece oportunidades á súa cidadanía e recoñece a contribución das persoas migrantes.

VIGO COÑECE DE PRETO A REALIDADE DA MIGRACIÓN. ESTA MEMORIA COLECTIVA REFORZA O SEU COMPROMISO CUNHA CIDADE ABERTA, ACOLLEDORA, PLURAL E ORIENTADA Á PLENA INCLUSIÓN SOCIAL

As persoas migrantes contribúen a manter a estabilidade demográfica da cidade, dinamizan os barrios a través de novos proxectos e negocios, e desenvolven un labor esencial no coidado das persoas maiores ou en situación de dependencia. Por iso, o traballo municipal oríéntase a favorecer a integración, a convivencia e a participación en igualdade de condicións.

1.2. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS

Vigo e a súa realidade social

UNHA CIDADE QUE COIDA E ACOMPAÑA AO LONGO DA VIDA

Ao mesmo tempo, a esperanza de vida mantense alta, nunha cidade na que arredor do 24 % da poboación ten 65 anos ou máis e na que existe unha presenza significativa de fogares en fases avanzadas do ciclo vital.

Esta realidade ten implicacións directas na demanda de apoios de proximidade, coidados a domicilio, acompañamento social e recursos municipais orientados á autonomía persoal.

A REALIDADE DETRÁS DOS DATOS

Dende a perspectiva dos servizos sociais, estes datos non son só unha descrición do contexto. Proporcionan unha base explicativa para comprender moitas das necesidades ás que responde a cidade:

as situacións de dependencia, a soidade non desexada, a necesidade de reforzar o apoio ás familias, o aumento da demanda de intervención coas persoas maiores e o papel crecente dos coidados sociais en contornos diversos e complexos.

A MAIOR LONXEVIDADE DA POBOACIÓN REFORZA A IMPORTANCIA DE CONTAR CON APOIOS PRÓXIMOS, RECURSOS ADAPTADOS E UNHA REDE SOCIAL CAPAZ DE ACOMPAÑAR AS PERSOAS NO SEU DÍA A DÍA



1.3. CONTEXTO ECONÓMICO E LABORAL

Vigo e a súa realidade social

VIGO, MOTOR ECONÓMICO DE GALICIA

Dende unha perspectiva económica e laboral, Vigo ocupa unha posición destacada dentro de Galicia. A cidade concentra unha ampla base de persoas afiliadas á Seguridade Social e mantén un tecido de emprego relevante, que reforza o seu papel como un dos principais núcleos de actividade económica da comunidade.

AMPLA BASE LABORAL E COTIZACIÓNS SUPERIORES Á MEDIA GALEGA

No eido do emprego, os datos máis recentes amosan unha ampla base laboral. **En setembro de 2025, Vigo rexistrou 97.797 persoas afiliadas ao Réxime Xeral da Seguridade Social, cunha base de cotización media mensual de 2.222,80 € por persoa.**

**97.797 PERSOAS
AFILIADAS AO RÉXIME
XERAL DA SEGURIDADE
SOCIAL**



VIGO SÍTÚASE POR RIBA DA MEDIA GALEGA EN BASE DE COTIZACIÓN

A base media de cotización en Vigo sitúase un **5,2 % por riba da media galega.**

**2.222,80 € DE BASE DE
COTIZACIÓN MEDIA MENSUAL
POR PERSOA**

1.4. CLAVES SOCIAIS PARA COMPRENDER A CIDADE

Vigo e a súa realidade social


A realidade social de Vigo non se pode comprender só a través dos indicadores xerais, como a poboación, a renda ou o emprego. Para interpretala correctamente, cómpre ter en conta diferentes procesos sociais que inflúen directamente na política pública municipal.

Reto demográfico

Precisa de políticas de autonomía persoal, coidados, atención no fogar e apoio social, centrados na persoa e no obxectivo de alongar a estadía no fogar

A crecente diversidade social e étnica

Reforza a importancia de servizos locais e accesibles capaces de responder a diferentes traxectorias vitais.



espostas de apoio ás familias e á inclusión social

Permite adaptar os servizos ás necesidades das familias, reforzar a inclusión e favorecer a conciliación e a parentalidade positiva.

ENTENDER VIGO: UNHA CIDADE EN TRANSFORMACIÓN, CON NOVAS OPORTUNIDADES E RETOS SOCIAIS

SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS, PIAR CLAVE DA COHESIÓN SOCIAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DA CIDADANÍA

Os servizos sociais municipais son una peza esencial na cohesión social e da garantía dos dereitos da cidade de Vigo. Como grande cidade que somos, temos que dar resposta a os retos e necesidades que plantexan este tipo de urbes. Dende a Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá, queremos manter e reforzar esa rede que os cidadáns atopan cando precisan dos servizos sociais municipais e **queremos que a cidadanía coñeza a lóxica do sistema e sepa cómo é a estrutura social de Vigo e cómo se configuran as prioridades de coidado, prevención, apoio e asistencia á cidadanía.**

2

Que son os servizos sociais municipais e cómo se estruturan en Vigo



2.1. QUE SON E PARA QUE SERVEN

Qué son os servizos sociais municipais e como se estruturan en Vigo

2


Os servizos sociais municipais son o sistema local de atención social pública. **A súa función é proporcionar información, orientación, avaliación, apoio e acceso a recursos e prestacións para persoas, familias e grupos que se atopen en situación de necesidade, vulnerabilidade ou dificultade social.**

Para o Concello de Vigo, este é un servizo público esencial, dirixido a mellorar o benestar e a calidade de vida da cidadanía, previr situacións de exclusión, promover a autonomía persoal e fomentar a igualdade de oportunidades. Este sistema ofrece tanto apoio básico e universal, dirixido á poboación xeral, como apoio específico para persoas e grupos que requiren coidados máis intensivos ou especializados.

Os servizos sociais municipais constitúen, polo tanto, **unha porta de acceso local e próxima ao sistema público de protección social**. A través deste sistema, as persoas poden recibir información e orientación, acceder a apoio económico ou técnico, iniciar procesos de intervención social e, cando sexa necesario, ser derivadas a outros servizos ou recursos especializados.

O sistema tamén cumpre un papel preventivo e de apoio. As súas funcións inclúen a avaliación e o diagnóstico social da comunidade, a detección precoz de situacións de risco ou vulnerabilidade, o desenvolvemento de iniciativas preventivas e de promoción social, e a prestación de apoio en situacións de emerxencia social, económica ou familiar, así como formación, divulgación e sensibilización sobre diversas cuestións que poden constituír factores de risco de exclusión.

A REDE DE APOIO PÚBLICO MÁIS PRÓXIMA Á POBOACIÓN



2.2. COMO ESTÁN ORGANIZADOS EN VIGO: A ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL

Qué son os servizos sociais municipais e como se estruturan en Vigo

2

En Vigo, os servizos sociais municipais forman parte da **Área de Política Social**, o departamento do Concello responsable da planificación, coordinación e execución da política social municipal. O seu obxectivo é mellorar o benestar e a calidade de vida, especialmente das persoas en situación de vulnerabilidade, garantindo o acceso aos servizos sociais, previndo situacións de exclusión e promovendo a igualdade de oportunidades.

ESTRUTURA DESEÑADA PARA UNHA COORDINACIÓN EFICAZ E UNHA ATENCIÓN DIRECTA

Esta área estrutúrase arredor dunha **Xefatura de Área**, apoiada polo **Servizo de Asesoramento Xurídico e polos Servizos Financeiros**. Baixo esta estrutura operan dous servizos principais: o Servizo de Benestar Social, responsable do coidado social xeral, da xestión de programas de inclusión, da asistencia financeira e dos servizos sociais comunitarios; e a Unidade de Apoio á Drogadicción (CEDRO).

Esta estrutura permite combinar a coordinación xeral do sistema cunha atención directa e especializada, adaptada ás diversas necesidades que xorden na cidade.

ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL

SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO

APOIO
LEGAL

XEFATURA DE ÁREA

SERVIZOS FINANCEIROS

APOIO
ECONÓMICO

SERVIZO BENESTAR SOCIAL

- COIDADADO SOCIAL XERAL
- PROGRAMAS DE INCLUSIÓN
- ASISTENCIA FINANCEIRA
- SERVIZOS COMUNITARIOS

UNIDAD DE APOIO Á DROGADICCIÓN *(CEDRO)

- PREVENCIÓN DE ADICCIÓN
- TRATAMENTO E APOIO A TOXICODEPENDENTES

*Ata 2025, o Concello contaba co CEDRO como recurso municipal. A partir do 1 de xaneiro de 2026, por petición dos concellos, este servizo pasa a integrarse na estrutura do SERGAS.

2.3. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL E ACCESO AO SISTEMA

Qué son os servizos sociais municipais e como se estruturan en Vigo

2

5 CENTROS DE DISTRITO E 17 UNIDADES DE TRABAJO SOCIAL SOCIAL

Territorialmente, os servizos sociais municipais organízanse a través de cinco Centros Municipais de Servizos Sociais (CMSS), que agrupan dezasete Unidades de Traballo Social (UTS) distribuídas pola cidade. Esta rede permite ofrecer unha atención local e descentralizada, adaptada ás características específicas de cada zona.

A ORGANIZACIÓN DESCENTRALIZADA DAS UTS REFORZA A ACCESIBILIDADE AO SISTEMA E MELLORA A CAPACIDADE DE RESPOTA ANTE AS NECESIDADES SOCIAIS DA CIDADANÍA

UNHA REDE PARA ESTAR MÁIS PRETO

As UTS constitúen o punto de acceso ordinario ao sistema de servizos sociais. Encárganse de facilitar información á poboación, avaliar e facer seguimento das situacións sociais, así como de canalizar o acceso aos diferentes recursos e prestacións, tanto básicos como específicos, en función das necesidades identificadas.

Este modelo de organización descentralizada mellora a accesibilidade, achega os servizos á cidadanía e facilita respostas máis personalizadas e adaptadas á realidade da contorna na que residen as persoas atendidas.



CMSS	COIA	Castrelos Coia Litoral Balaidos-Camesaña Industria
	CONCELLO	Sur
	PRINCESA	Casco Vello O Castro Centro Areal Independencia
	RIVERA ATIENZA	Cabral-Candeán Calvario Lavadores Rivera Atienza
	TEIS	Teis Travesía

2.4. NIVEIS DE INTERVENCIÓN DO SISTEMA

Qué son os servizos sociais municipais e como se estruturan en Vigo

2

O sistema de servizos sociais municipais está estruturado en dous niveis complementarios de intervención: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos. Esta estrutura permite combinar o apoio xeral, accesible e local con respostas especializadas adaptadas a necesidades específicas.

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

BÁSICOS

Actúan como a **porta de entrada ao sistema.**

De natureza local, aberta e versátil, garanten un apoio próximo ás persoas, ás familias e á comunidade.

Neste nivel, realízanse as seguintes actividades:

- Atención inicial
- Avaliación social
- Identificación de necesidades e situacións de risco
- Orientación á cidadanía
- Intervención social xeral
- Desenvolvemento de iniciativas preventivas e de promoción social
- Participación na xestión das prestacións económicas
- Seguimento dos procesos de intervención.

ESPECÍFICOS

Diríxense a persoas ou grupos con necesidades específicas ou situacións comúns que requiren unha atención concreta e máis especializada.

Complementan os servizos básicos mediante:

- Programas, servizos e/ou prestacións.
- Apoios e recursos específicos.

Contribúen a:

- Previr a exclusión.
- Promover a inclusión social
- Reforzar a autonomía persoal.
- Mellorar a calidade de vida.



2.5. UNHA REDE PÚBLICA DE PROXIMIDADE AO SERVIZO DA CIUDADANÍA DE VIGO

Qué son os servizos sociais municipais e como se estruturan en Vigo

2

OBXECTIVO: ESTAR PRETO

A organización dos servizos sociais municipais en Vigo baséase nun principio central: achegar os coidados sociais á cidadanía e ofrecer unha resposta pública capaz de adaptarse a diferentes circunstancias. A existencia dunha estrutura organizativa definida, dunha rede local descentralizada, de diferentes niveis de intervención e de recursos específicos permite combinar proximidade, especialización e capacidade de resposta.

RESPOSTAS DIVERSAS PARA NECESIDADES DIVERSAS

Neste marco, a Área de Política Social desenvolve servizos e programas dirixidos a diferentes ámbitos de intervención: a poboación xeral, a infancia e as familias, as persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade social, as persoas maiores, as persoas con discapacidade, as persoas migrantes, a prevención e o tratamento de condutas aditivas, así como o fomento e a promoción da solidariedade e a participación.

UNHA ESTRUCTURA PÚBLICA AO SERVIZO DUNHA CIDADE COHESIONADA

Esta amplitude de funcións explica o papel central dos servizos sociais municipais na política social do Concello e xustifica que esta memoria os presente non só como un conxunto de accións, senón como unha estrutura pública ao servizo do benestar e da cohesión da cidade.

UNHA REDE PÚBLICA ESPECIALIZADA E DE PROXIMIDADE, ORIENTADA A DAR RESPOTA ÁS NECESIDADES SOCIAIS DA CIUDADANÍA DE VIGO



3

Servizos sociais comunitarios para a poboación en xeral



3.1. SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA A POBOACIÓN EN XERAL

Servizos sociais comunitarios para a poboación en xeral

A PORTA DE ENTRADA AO SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS

Os servizos sociais comunitarios básicos son o primeiro punto de acceso ao sistema. Neles, as persoas que o precisen poden recibir información, orientación e apoio para coñecer os recursos, prestacións ou axudas ás que poden acceder.

Calquera persoa que o precise pode acudir a este servizo público, universal e gratuíto.

Os servizos e o labor que se prestan dende os centros coordinados pola Área de Política Social neste primeiro nivel de atención estrutúranse arredor de catro funcións principais:




**ACOLLIDA, VALORACIÓN
SOCIAL E ACOMPAÑAMENTO**

**DIAGNÓSTICO E PLANS DE
INTERVENCIÓN**



**DETECCIÓN PRECOZ E
PREVENCIÓN SOCIAL**

**INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E
PARTICIPACIÓN**



3.2. PRINCIPAIS DATOS DE INTERVENCIÓN DO 2025

Servizos sociais comunitarios para a poboación en xeral

2025, UN ANO DE ALTA ACTIVIDADE DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

Datos principais de intervención en 2025

En 2025, os servizos sociais municipais rexistraron unha actividade elevada, cun volume significativo de demandas, recursos aplicados, intervencións profesionais, persoas atendidas e expedientes xestionados.

Estes datos reflicten a capacidade do sistema para atender necesidades sociais diversas, activar recursos e acompañar a cidadanía nos seus procesos de orientación, apoio e intervención social.

**OS DATOS DE 2025 AMOSAN
UNHA REDE MUNICIPAL ACTIVA,
PRÓXIMA E CON CAPACIDADE
DE RESPOTA ANTE AS
NECESIDADES SOCIAIS DA
CIDADE**

**16.741 RECURSOS
APLICADOS**

Prestacións, apoios ou respostas activadas tras a valoración profesional.

**15.520 INTERVENCIÓNS
PROFESIONAIS**

Actuacións realizadas polos equipos dos servizos sociais no acompañamento, seguimento ou atención social.

**11.527 PERSOAS
ATENDIDAS**

Persoas que recibiron atención, orientación ou apoio a través da rede municipal de servizos sociais.

**18.456 DEMANDAS
REXISTRADAS**

Solicitudes, consultas ou necesidades trasladadas aos servizos sociais municipais.

**8.953 EXPEDIENTES
XESTIONADOS**

Expedientes sociais tramitados ou activos durante o ano 2025.

3.3. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO E SECTORES DA POBOACIÓN ATENDIDA

Servizos sociais comunitarios para a poboación en xeral

DISTRIBUCIÓN POR SECTORES DE REFERENCIA

A Área de Política Social do Concello de Vigo conta con diferentes servizos, recursos e programas deseñados para atender as demandas e necesidades das persoas e grupos da cidade.

- POBOACIÓN EN XERAL
- COLECTIVOS DA CRIANZA E FAMILIA
- PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN RESIDENCIAL E/OU SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL
- PERSOAS MAIORES
- PERSOAS CON DISCAPACIDADE
- PERSOAS MIGRANTES
- PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS CONDUCTAS ADITIVAS
- FOMENTO E PROMOCIÓN DA SOLIDARIEDADE E DA PARTICIPACIÓN

Das 11.527 persoas atendidas, o 52,5 % son mulleres, fronte ao 41,72 % de homes, o que amosa unha maior presenza feminina entre as persoas atendidas polo sistema. En canto á procedencia, o 61 % son de orixe española, nun contexto no que convive unha diversidade de orixes que amplía e diversifica o perfil das persoas atendidas.

A distribución das persoas atendidas por sectores de referencia en 2025 amosa unha maior concentración en determinados ámbitos, especialmente na atención a persoas migrantes e no ámbito da crianza e familia, que se configuran como dous dos grupos con maior peso relativo no conxunto da intervención social.

Con respecto a 2024, obsérvase un incremento na atención á poboación migrante e no ámbito da crianza, consolidándose ambos como dous dos principais ámbitos de intervención.


Tamén se aprecia un lixeiro incremento na atención a mulleres e a persoas sen fogar, o que reflicte unha maior presenza destes grupos na actividade dos servizos sociais municipais.

3.3. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO E SECTORES DA POBOACIÓN ATENDIDA

Servizos sociais comunitarios para a poboación en xeral

POBOACIÓN PARTICIPANTE: PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

Das 11.527 persoas atendidas, o 52,55 % son mulleres fronte ao 41,72 % de homes, o que amosa unha maior presenza feminina entre as persoas que accederon aos servizos sociais municipais.



41,72% HOMES

52,55% MULLERES

En canto á procedencia, o 61 % son de orixe española, nun contexto no que convive unha diversidade de orixes que enriquece o perfil das persoas atendidas.

ORIXE DAS PERSOAS ATENDIDAS



3.3. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO E SECTORES DA POBOACIÓN ATENDIDA



Servizos sociais comunitarios para a poboación en xeral

POBOACIÓN PARTICIPANTE: PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

A distribución por idade mantense estable entre 2024 e 2025, cunha maior concentración da atención na poboación adulta. O grupo de idade de 51 a 60 anos destaca como o máis numeroso, cun peso arredor do 25 % do total das persoas atendidas.

Tamén se observa un lixeiro incremento nos grupos de 25 a 40 anos e de 41 a 50 anos, o que reforza a presenza das idades adultas intermedias no perfil de atención dos servizos sociais municipais.

n composta por adultos. O grupo de idade de 51 a 60 anos destaca como o máis numeroso (arredor do 25 %), seguido dun aumento nos grupos de 25 a 40 e de 41 a 50 anos.



51 a 60 anos

O grupo máis representativo en 2025




3.3. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO E SECTORES DA POBOACIÓN ATENDIDA

Servizos sociais comunitarios para a poboación en xeral

A distribución por sectores de poboación amosa unha concentración destacada da atención no ámbito da migración e da crianza. En 2025, ambos ámbitos incrementan o seu peso relativo respecto ao ano anterior e consolidanse como dous dos principais eidos de intervención dos servizos sociais municipais.

Tamén se observa un lixeiro aumento na atención a persoas sen fogar, o que reflicte a capacidade da rede municipal para responder a diferentes situacións de vulnerabilidade social.



**MÁIS DO 40 % DAS
PERSONAS ATENDIDAS
CORRESPONDEN AO ÁMBITO
DA MIGRACIÓN E DA CRIANZA**

3.4. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DE ATENCIÓN E DAS CITAS

Servizos sociais comunitarios para a poboación en xeral

DISTRIBUCIÓN POR UTS UNIDADES DE TRABAJO SOCIAL

As citas de acceso aos servizos sociais municipais xestionáanse a través das UTS, distribuídas polos diferentes CMSS, que constitúen o primeiro punto de contacto da cidadanía coa rede municipal de servizos sociais.


A distribución das citas atendidas polos distintos centros amosa unha actividade significativa no conxunto das UTS e unha capacidade consolidada de resposta ás demandas da cidadanía viguesa.

CITAS XESTIONADAS E ATENDIDAS

En 2025 xestionáronse 19.303 citas, das cales 13.835 foron atendidas. Ademais, rexistráronse 1.123 citas anuladas e 4.345 citas nas que a persoa solicitante non se presentou.

As UTS con maior volume de citas xestionadas foron Calvario, Centro e Casco Vello, o que reflicte unha actividade especialmente significativa nestes puntos da rede territorial.

19.303 CITAS XESTIONADAS



**AS UTS FACILITAN UNHA ATENCIÓN PRÓXIMA E
TERRITORIALIZADA, ACHEGANDO O ACCESO AOS SERVIZOS
SOCIAIS MUNICIPAIS Á CIDADANÍA**

3.5. XESTIÓN E TIPOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Servizos sociocomunitarios para a poboación en xeral

3


AS ENTREVISTAS E A ATENCIÓN DIRECTA, PRINCIPAIS CANLES DE INTERVENCIÓN

Nas UTS do Concello de Vigo desenvólvense diferentes tipos de atención, desde a citación para a valoración social ata a xestión de recursos, a orientación, o acompañamento, a intervención social e o seguimento dos procesos.

A análise da tipoloxía das intervencións realizadas amosa un claro predominio das actuacións de atención directa. **Destaca especialmente a entrevista, que concentra o 30,83 % do total e se configura como unha das principais ferramentas de intervención dos servizos sociais municipais e como vía fundamental de acceso ao sistema.**

Xunto a ela, teñen un peso relevante as actuacións vinculadas á xestión e tramitación de recursos, como a **xestión de recursos (12,20 %)**, **as notas informativas (11,60 %)** e **a xestión telefónica (11,38 %)**, así como **as tarefas de documentación (9,82 %)** e **a elaboración de informes sociais (7,06 %)**.

Tamén forman parte da actividade profesional as visitas domiciliarias, a comunicación telemática, a coordinación con outros recursos e entidades, as reunións técnicas, a intervención comunitaria e outras actuacións de acompañamento e seguimento que requiren dedicación específica.



3.5. XESTIÓN E TIPOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Servizos sociocomunitarios para a poboación en xeral

3

ACOMPAÑAMENTO E APOIO CONTINUO

Unha parte das intervencións realizadas polas UTS está asociada á xestión e tramitación de prestacións e recursos doutras administracións públicas, como a RISGA, as axudas de inclusión social ou as prestacións do sistema de atención á dependencia.

Estes recursos forman parte esencial do traballo desenvolvido polas UTS como porta de acceso ao sistema de protección social.

Este conxunto de intervencións evidencia a importancia do acompañamento administrativo e técnico no proceso de atención ás persoas atendidas.

OS TIPOS DE RECURSOS APLICADOS NAS UTS

Os recursos aplicados son os apoios, prestacións, orientacións ou respostas activadas polos equipos profesionais tras a valoración de cada situación social.

Estes recursos intégranse no marco das funcións propias dos servizos sociais comunitarios básicos, orientadas á prevención, á atención integral e á promoción da autonomía persoal e familiar.

A distribución das persoas atendidas segundo o tipo de intervención amosa diferenzas entre as UTS, con maior intensidade da actividade en determinadas zonas da cidade, segundo as necesidades sociais detectadas en cada territorio.



3.5. XESTIÓN E TIPOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Servizos sociocomunitarios para a poboación en xeral


3

RESPOSTAS DIVERSAS PARA NECESIDADES DIVERSAS

Estes recursos aplícanse no marco das funcións propias dos servizos sociais comunitarios básicos, orientadas á prevención, á atención integral e á promoción da autonomía persoal e familiar.

A distribución das persoas usuarias atendidas segundo o tipo de intervención reflicte a diversidade de realidades sociais presentes nos distintos barrios da cidade, así como a capacidade dos **servizos municipais para adaptar a resposta ás necesidades de cada territorio.**

Destacan unidades como 04-Litoral, 12-Teis, 13-R. Atienza, 15-Calvario e 23-Centro, que rexistran unha maior actividade en diferentes ámbitos de intervención. **Entre os recursos máis demandados sobresaie o aloxamento alternativo** en unidades como Litoral (16,07 %) e Teis (14,29 %), así como o apoio á unidade de convivencia en Castrelos (8,80 %) e Industria (8,80 %), poñendo de manifesto a importancia das actuacións municipais vinculadas á estabilidade residencial, ao acompañamento familiar e á atención social de proximidade.



O ALOXAMENTO ALTERNATIVO CONCENTRA OS MAIORES NIVEIS DE INTERVENCIÓN, ESPECIALMENTE NAS UTS LITORAL E TEIS

3.6. PROGRAMA CONTRA O DESAFIUZAMENTO E DE EMERXENCIA SOCIAL

Servizos sociocomunitarios para a poboación en xeral

3

CONCELLO DE VIGO, COMPROMISO FIRME CO ACCESO A UNHA VIVENDA DIGNA

O **Programa contra os desafiuzamentos e de emerxencia social** regula a concesión de axudas económicas municipais destinadas a atender situacións extraordinarias que poidan ser consideradas de emerxencia social.

A finalidade destas axudas é apoiar as persoas e familias que non dispoñen de recursos económicos suficientes para afrontar unha situación de emerxencia social relacionada coa vivenda, a alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia, ou outras necesidades debidamente acreditadas.

Trátase dun recurso municipal orientado a ofrecer unha resposta áxil e próxima en situacións de especial vulnerabilidade, contribuíndo a evitar que estas necesidades agraven a situación social das persoas e familias afectadas.



3.6. PROGRAMA CONTRA O DESAFIUZAMENTO E DE EMERXENCIA SOCIAL

Servizos sociocomunitarios para a poboación en xeral

3


AXUDAS E APOIO ECONÓMICO

As axudas económicas municipais poden destinarse a cubrir diferentes necesidades básicas e situacións de emerxencia social, sempre que estean debidamente acreditadas e vinculadas á situación da persoa ou unidade familiar/de convivencia.

Entre os principais gastos susceptibles de apoio inclúense os relacionados coa vivenda, como o alugueiro, os créditos hipotecarios cando exista risco de perda da vivenda, as débedas de comunidade, o mobiliario de primeira necesidade ou as subministracións básicas, como electricidade, auga e gas.

Tamén se contemplan gastos de alimentación básica, incluída a alimentación infantil específica; gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, como medicamentos, lentes, ortopedia, próteses ou órteses prescritas por persoal médico do sistema público; así como gastos persoais, aloxamentos temporais e transporte adaptado mediante bono-taxi para persoas con discapacidade que non poidan utilizar o transporte público colectivo.

Distribución das axudas económicas municipais por tipo de gasto



AS AXUDAS ECONÓMICAS MUNICIPAIS PERMITEN DAR RESPOTA A NECESIDADES BÁSICAS RELACIONADAS COA VIVENDA, A ALIMENTACIÓN, A SAÚDE E A AUTONOMÍA PERSOAL.

3.7. PROGRAMA DE AXUDAS ESCOLARES DE MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR

Servizos sociocomunitarios para a poboación en xeral

3

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR

O programa está dirixido ao alumnado de centros docentes públicos e privados concertados de Educación Infantil (segunda etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso escolar 2025-2026.

As axudas para libros, material escolar e comedor están orientadas, prioritariamente, ao alumnado de familias con dificultades socioeconómicas ou con necesidades de apoio para a conciliación da vida familiar e laboral. No caso das axudas de comedor, a finalidade é apoiar as unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.


Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (segunda etapa).

No concepto de material escolar inclúese o material necesario para o desenvolvemento do curso académico, de acordo coas necesidades de cada centro educativo e coas metodoloxías de aprendizaxe empregadas: mandilón, chándal, calzado deportivo, material informático, material funxible, mochila, uniforme ou outros elementos necesarios para a actividade escolar.

Axudas para comedores escolares.


Dirixidas ao alumnado matriculado nos niveis de Educación Infantil (segunda etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, durante o período comprendido entre setembro e xuño, ambos incluídos.

Becas comedor



Estudantes con beca
aceptada

Becas libros e material escolar



Estudantes con beca
aceptada

CONCELLO
DE VIGO



4 Infancia e familia



4.1. O PAPEL DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ÁMBITO DA FAMILIA

Infancia e familia

4

O PAPEL DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ÁMBITO DA FAMILIA

Esta liña está orientada á prevención, detección e abordaxe de situacións de vulnerabilidade que poden afectar ao benestar da infancia e da adolescencia e ao funcionamento das unidades familiares.

O enfoque de actuación baséase nunha perspectiva socioeducativa, que combina a atención individualizada co traballo na contorna familiar e comunitaria. O obxectivo é promover a autonomía das familias, reforzar as capacidades parentais e favorecer a inclusión social da infancia e da adolescencia.

O Concello de Vigo desenvolve diferentes programas e actuacións dirixidos a apoiar as familias, entre os que destaca o **Programa Socioeducativo de Apoio ás Familias (PSEAF)**.

**UNHA LIÑA ESTRATÉXICA QUE
PROMOVE O BENESTAR INFANTIL
E FORTALECE AS FAMILIAS
MEDIANTE APOIO
SOCIOEDUCATIVO, AUTONOMÍA E
INCLUSIÓN SOCIAL**



4.2. PSEAF PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE APOIO AS FAMILIAS

Infancia e familia

4

PSEAF. PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE APOIO ÁS FAMILIAS

O Programa Socioeducativo e de Apoio ás Familias (PSEAF) configúrase como un recurso municipal de carácter educativo, psicosocial e preventivo, integrado no ámbito dos servizos da Área de Política Social do Concello de Vigo. Está orientado ao acompañamento e apoio personalizado ás familias, especialmente a aquelas que se atopan en situación de vulnerabilidade ou precisan reforzo no seu proceso de crianza, convivencia e organización familiar.


O programa desenvolve unha intervención interdisciplinar dirixida á prevención, detección e abordaxe de situacións de risco ou dificultade social que afectan á infancia, á adolescencia e ás unidades familiares. A súa finalidade é favorecer o benestar dos nenos, nenas e adolescentes, reforzar as capacidades familiares e promover procesos de mellora, autonomía e inclusión social.

O PSEAF actúa tanto desde unha perspectiva preventiva, evitando o agravamento das dificultades detectadas, como desde unha perspectiva de apoio sociofamiliar, acompañando as unidades de convivencia que precisan orientación profesional para reforzar a súa autonomía, mellorar a convivencia e avanzar no seu proceso de inclusión social.

A actuación do PSEAF artículase, fundamentalmente, en tres grandes ámbitos:

- **A intervención con nenos, nenas e adolescentes en situación de risco.**
- **A atención sociofamiliar ás familias con necesidades específicas de apoio.**
- **A elaboración de informes sociais e técnicos solicitados por outras administracións públicas, como xulgados, Fiscalía ou Xunta de Galicia.**

De maneira complementaria, o programa intervéñ en ámbitos como a convivencia familiar, a educación, a saúde (incluída a saúde mental), o emprego, a participación comunitaria, o lecer e o tempo libre, co obxectivo de ofrecer unha resposta integral ás necesidades detectadas.



4.2. PSEAF PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE APOIO AS FAMILIAS

Infancia e familia

4

O EQUIPO

O equipo que acompaña este programa está composto por **25 profesionais** que traballan de xeito coordinado e complementario, reunindo diferentes competencias técnicas no ámbito da educación social e familiar, a psicoloxía, a mediación intercultural e o traballo social.

Este enfoque multidisciplinar permite ofrecer unha atención máis integral ás familias, adaptada ás súas necesidades e á complexidade das situacións acompañadas.

UNIDADE DE EDUCACIÓN FAMILIAR

Desenvolve unha intervención directa e continuada na contorna cotiá das familias, especialmente no domicilio. O seu labor céntrase no acompañamento socioeducativo, na mellora das habilidades parentais, na organización da vida familiar e na promoción da autonomía.

UNIDADE DE TRABALLO SOCIAL

A Unidade de Traballo Social do PSEAF elabora os informes sociais solicitados por outras administracións e participa na valoración, seguimento e coordinación das situacións familiares atendidas polo programa.

UNIDADE DE PSICOLOXÍA

Aborda os aspectos emocionais, condutuais e relacionais que inflúen nas situacións de vulnerabilidade. Contribúe a mellorar o benestar emocional, fortalecer as capacidades persoais e familiares e previr situacións de desprotección.

UNIDADE INTERCULTURAL

Responde á diversidade cultural e ás necesidades das familias cun proxecto migratorio na cidade. Facilita a comunicación, a comprensión mutua e o acompañamento nos procesos de inclusión social das familias de orixe estranxeira. A súa intervención resulta clave para garantir o acceso aos recursos e promover unha convivencia positiva nunha contorna diversa.




4.2. PSEAF PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE APOIO AS FAMILIAS

Infancia e familia

PSEAF EN DATOS

En 2025, o Programa Socioeducativo de Apoio ás Familias reforzou o seu papel como recurso municipal de acompañamento, prevención e apoio ás familias.

FAMILIAS ATENDIDAS Y USUARIOS DE PSEAF



TEMPO DE PERMANENCIA NO PROGRAMA




PRINCIPAIS MOTIVOS DE INTERVENCIÓN FAMILIAR

En 2025, a principal vía de intervención segue sendo a **solicitud de informe social**, que representa o **45,6 % dos casos**. Este dato reflicte o importante papel do programa na valoración, seguimento e coordinación das situacións familiares con outras administracións públicas.

Tamén **destacan as dificultades na atención da infancia e da adolescencia e a falta de habilidades parentais**, ambas cun peso do **10,9 %**. Estes datos evidencian a importancia do traballo coas familias en aspectos educativos, de crianza, convivencia e prevención.

O conxunto dos motivos de intervención mostra a diversidade de situacións acompañadas polo PSEAF e a necesidade de manter unha resposta profesional, coordinada e adaptada ás necesidades de cada unidade familiar.



4.2. PSEAF PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE APOIO AS FAMILIAS

Infancia e familia

4



TIPOLOXÍA DE FAMILIAS ATENDIDAS

A realidade das familias en Vigo está a cambiar e faise cada vez máis diversa. Non existe un único modelo familiar predominante, senón que conviven distintas formas de organización familiar.


En 2025 destacan especialmente as familias monomarentais, que representan máis do 40 % das familias atendidas polo programa. Este dato confirma a importancia de reforzar os apoios ás unidades familiares encabezadas por mulleres, especialmente cando existen necesidades de conciliación, crianza ou ausencia dunha rede familiar de apoio suficiente.

Respecto ao ano anterior, cómpre salientar tamén o incremento das familias monoparentais con proxenitor home, así como a presenza de familias extensas, nucleares, reconstituídas e unipersoais. Esta diversidade evidencia a necesidade de manter respostas flexibles, adaptadas ás diferentes realidades familiares presentes na cidade.

Familias cunha soa persoa proxenitora




Unipersoais




UNHA PARELLA E OS SEUS FILLOS, SE OS HOUBERA

Nuclear



UNHA PARELLA E OS SEUS FILLOS, SE OS HOUBERA

Extensa



VARIAS XERACIÓNS: AVÓS, NETOS, FILLOS, TÍOS, ETC.

Reconstituída



UNHA PARELLA QUE CONVIVE CON FILLOS DOUTRAS RELACIÓNS.


4.2. PSEAF PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE APOIO AS FAMILIAS

Infancia e familia

PERFIL DAS PERSOAS ATENDIDAS

Un programa con carácter interxeracional

Predominan as persoas proxenitoras de mediana idade, especialmente no grupo de **36 a 49 anos (21,33 %)**, con fillos e fillas adolescentes. A poboación de **13 a 17 anos** constitúe o seguinte grupo con maior presenza (**18,85 %**), seguida do tramo de **50 a 59 anos (13,03 %)**.




Estes datos amosan o carácter interxeracional do programa, que acompaña tanto a infancia e a adolescencia como as persoas adultas responsables da crianza e da organización familiar.

PROCEDENCIA E PERFIL CULTURAL

Durante 2025 estiveron representados **32 países distintos**. A maior parte das familias atendidas son de nacionalidade española (58,23 %), o que amosa unha ampla cobertura da poboación xeral do municipio. Ao mesmo tempo, o programa tamén dá resposta a outras realidades presentes na cidade.

Neste sentido, destaca a presenza de familias procedentes de **América Latina (32,68 %)**, así como doutros países de Europa, África e Asia, cun peso máis reducido. Esta distribución confirma que o PSEAF é un recurso capaz de adaptarse á diversidade social de Vigo e de responder a necesidades familiares variadas desde unha perspectiva inclusiva.




UN PROGRAMA CON CARÁCTER INTERXERACIONAL

4.2. PSEAF PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE APOIO AS FAMILIAS

Infancia e familia

4

SITUACIÓN ECONÓMICA E LABORAL DAS FAMILIAS PARTICIPANTES



As familias participantes no PSEAF presentan unha realidade de especial vulnerabilidade económica. Os seus ingresos proceden maioritariamente de prestacións e axudas públicas.

En 2025, as rendas do traballo representan arredor do 19 % das principais fontes de ingreso, por debaixo do conxunto de prestacións económicas. Destacan a RISGA/IMV (23,5 %), as prestacións por desemprego (9 %) e as pensións contributivas (7 %).

Estes datos amosan a existencia de dificultades de acceso a un emprego estable e a presenza de situacións económicas fráxiles e sostidas no tempo.

A MAIOR PARTE DAS FAMILIAS PARTICIPANTES PRESENTAN UNHA SITUACIÓN RESIDENCIAL ESTABLE, UN FACTOR CLAVE PARA FAVORECER A AUTONOMÍA PERSOAL, O ACOMPAÑAMENTO SOCIAL E A MELLORA DAS CONDICIÓNS DE VIDA

En 2025, a maior parte das persoas participantes presentaban unha situación residencial estable, o que constitúe unha base importante para o desenvolvemento dos itinerarios de acompañamento social.

Esta realidade permite orientar a intervención cara ao reforzo da autonomía persoal, á mellora das condicións de vida e ao acceso aos apoios necesarios en cada situación.



4.2. PSEAF PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE APOIO AS FAMILIAS

Infancia e familia

4

MOTIVOS DE PECHE DAS INTERVENCIÓNS NO PROGRAMA

En 2025 rexistráronse **228 peches de intervención** no programa. Estes datos permiten coñecer como finalizan os procesos de acompañamento social: pola realización de informes e actuacións técnicas, polo cumprimento total ou parcial dos obxectivos, pola interrupción ou falta de continuidade do proceso, ou por cambios na situación das persoas atendidas.

O principal **motivo de peche continúa a ser a realización de informe social, que representa o 35,96 % dos casos. Pola súa banda, as intervencións que finalizan tras acadar total ou parcialmente os obxectivos previstos supoñen o 22,81 %.**

Esta información contribúe a ordenar mellor os resultados do programa, reforzar o seguimento técnico dos casos e identificar aquelas situacións nas que existen máis dificultades para manter o proceso de intervención.



CASE O 23% DAS INTERVENCIÓNS FINALIZARON TRAS ACADAR TOTAL OU PARCIALMENTE OS OBOJECTIVOS PREVISTOS



4.2. PSEAF PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE APOIO AS FAMILIAS

Infancia e familia

OUTRAS ACTUACIÓNS DO PROGRAMA PSEAF

OBRADOIROS DE REFORZO EDUCATIVO, LECER E TEMPO LIBRE

Co obxectivo de potenciar a inclusión, o rendemento académico dos nenos, nenas e adolescentes e a participación en diferentes espazos de convivencia, aprendizaxe e relación social, o PSEAF desenvolve obradoiros de reforzo educativo, lecer e tempo libre.

56 ESTUDANTES DE PRIMARIA

32 ESTUDANTES DE SECUNDARIA

EDUCADORAS DE RÚA

Coa finalidade de detectar e previr situacións de risco na poboación adolescente, as educadoras de rúa desenvolven o seu labor nos espazos cotiáns de mobilidade e relación da mocidade (rúas, prazas, parques e outros puntos de encontro), ofrecendo espazos de diálogo e alternativas de lecer e tempo libre.

A partir de 2025 comezaron tamén a prestar apoio dentro dos centros educativos, substituíndo progresivamente o traballo desenvolvido en espazos abertos.

**LOCALIZÁRONSE 597 ADOLESCENTES E
INICIOUSE A INTERVENCIÓN CON 13**

4.3. CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

Infancia e familia

4

PROGRAMA CAIXA PROINFANCIA

O Concello de Vigo participa dende 2016 no programa CaixaProinfancia, (Obra Social "La Caixa") dirixida á infancia en situación de pobreza económica e vulnerabilidade social.

Os obxectivos do programa son:

- Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e a súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.
- Promover o desenvolvemento social e educativo do neno e da nena no seu contexto familiar, escolar e social.
- Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e as súas familias.

PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ

A Concellería de Política Social, en colaboración coa **Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí**, desenvolve o programa "Vacacións en paz", que permite o desprazamento de nenos e nenas saharauis desde os campamentos de Tinduf pasen os meses de verán acollidos por familias viguesas.

O programa ofrece unha alternativa ás condicións extremas do deserto, onde no verán se poden acadar temperaturas de ata 50°C, e garante lecer, atención médica e alimentación, contando ademais co apoio do SERGAS e doutras entidades.

España ten un significado especial para o pobo saharauí polos lazos históricos, culturais e humanos. A poboación conserva o español como segundo idioma.

O importe do convenio ascendeu a 70.000 €.



5

Inclusión social e atención a persoas en situación de vulnerabilidade



INCLUSIÓN SOCIAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

Os procesos de exclusión social xorden de realidades complexas nas que conflúen diversos factores, que poden debilitar ou romper os vínculos dunha persoa coa súa comunidade. Por iso, **abordar estas situacións require medidas sociais específicas, xunto con actuacións complementarias e coordinadas que contribúan a previr a exclusión e a apoiar os procesos de incorporación social.**

No Concello de Vigo entendemos que a atención social neste ámbito debe ir máis alá da resposta ás situacións de emerxencia. Por iso, traballamos para ofrecer un apoio próximo, práctico e adaptado ás circunstancias de cada persoa, que permita acompañala, reforzar a súa estabilidade e favorecer oportunidades reais de inclusión.

UN TRABALLO COORDINADO

Esta iniciativa desenvólvese coa colaboración de organizacións sociais da cidade e combina diferentes tipos de apoio:

- Coidados inmediatos
- Apoio social
- Intervención socioeducativa
- Apoio residencial
- Orientación cara á inclusión

En conxunto, este enfoque de intervención permite ofrecer unha resposta máis integral, próxima e continuada, así como coordinar mellor os recursos dispoñibles para adaptalos ás necesidades de cada persoa.

A INTERVENCIÓN SOCIAL EN SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN E VULNERABILIDADE DEBE ESTAR BASEADA NA PROXIMIDADE, NA COORDINACIÓN E NA CONTINUIDADE DA ATENCIÓN

O EMPREGO COMO EIXE VITAL DO PROCESO

O traballo constitúe unha dimensión importante nos procesos de inclusión social, xa que **facilita o acceso a ingresos, reforza a autonomía persoal e favorece a participación na comunidade.**

Neste marco, a ocupación sociolaboral concíbese como unha ferramenta para combinar apoios económicos mínimos, como a RISGA, con actuacións orientadas a compensar déficits de capacitación, de sociabilidade ou de axuste persoal que poden dificultar a inserción.

Os itinerarios individualizados que desenvolve o Concello deseñanse para **acompañar as persoas participantes ao longo do seu proceso**, tendo en conta as súas circunstancias, capacidades e obxectivos de emprego e inclusión.

5.1. PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

O Plan de Inclusión Sociolaboral é un programa básico desenvolvido nos Centros Municipais de Servizos Sociais, orientado ao acompañamento de persoas en situación de vulnerabilidade social e á mellora das súas oportunidades de inclusión social, formativa e laboral.

En 2025 participaron no programa 949 persoas, procedentes das 17 UTS de referencia. O traballo desenvolveuse a través de tres áreas de intervención: **laboral, psicosocial e formativa, con 597 persoas atendidas na área laboral, 330 na área psicosocial e 671 na área formativa.** Unha mesma persoa pode participar en máis dunha área, polo que estes datos non equivalen ao número total de participantes.

O perfil das persoas atendidas mostra unha **maior presenza de mulleres, que representan o 61% fronte ao 39% de homes.** Por idade, o 55% das persoas tiña máis de 45 anos, o 39% situábase entre os 25 e os 44 anos e o 6% era menor de 25 anos.

Durante o ano realizáronse **2.411 entrevistas de seguimento** dos proxectos persoais de inserción. Ademais, producíronse 246 novas incorporacións e 217 baixas, das cales 74 corresponderon a inserción laboral, 32 a cambio de proxecto, 39 á extinción da RISGA por acceso a outras prestacións e 72 a outras circunstancias.

No ámbito da inserción laboral, en 2025 acadáronse **199 contratos laborais**, que corresponderon a 173 persoas. Isto significa que algunhas persoas puideron formalizar máis dun contrato ao longo do ano.

Ademais, estiveron activos 64 convenios de desenvolvemento de itinerario vinculados a Empresas de Inserción Laboral. Tamén estiveron activos 121 convenios do tramo de inserción da RISGA, dos cales 44 finalizaron durante 2025.

949

PERSONAS PARTICIPANTES

2.411

ENTREVISTAS

199

CONTRATOS LABORAIS



5.1. PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

A intervención artículase mediante itinerarios individualizados e integrais, nos que se combinan accións de orientación sociolaboral, formación, adquisición de competencias e acceso a recursos especializados.

ACCIÓNES FORMATIVAS REALIZADAS

Formación regrada

A formación continúa a ser unha das principais ferramentas para favorecer a inclusión social e o acceso ao emprego. Ao longo de 2025, **numerosas persoas usuarias participaron en itinerarios formativos** que lles permitiron completar estudos básicos, continuar a súa formación académica ou obter acreditacións profesionais vinculadas a distintos sectores laborais.

CURSARON FORMACIÓN PROFESIONAL (FP)

92 PERSOAS

CURSARON ESO

31 PERSOAS

CURSARON EBI

13 PERSOAS

Talleres de desenvolvemento de capacidades:

As actividades formativas contaron cunha ampla participación ao longo do ano. Destacaron especialmente os talleres de **Cidadanía e Integración**, os programas centrados na autoestima, as habilidades sociais e as competencias dixitais.

Esta oferta formativa desenvolveuse no **Centro de Formación de Rúa Alta**, un recurso municipal que desempeña un papel fundamental na capacitación e mellora da empregabilidade da cidadanía.



5.2. CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL (CIIES)


Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

INTERVENCIÓN INTEGRAL DE APOIO A PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

O CIIES é o principal **recurso municipal específico** para apoiar persoas en situación de **vulnerabilidade moderada ou grave**. Atende persoas soas, sen ingresos, sen vivenda ou sen unha rede de apoio suficiente, e ofrece unha resposta orientada a cubrir necesidades básicas, prestar atención urxente e acompañar procesos de inclusión social desde un enfoque centrado na persoa.

En 2025, o centro atendeu 1.083 persoas, fronte ás 1.004 persoas atendidas en 2024, o que supón un incremento aproximado do 7,9 %.

Comparativa de persoas atendidas polo CIIES



**1.083 PERSOAS
ATENDIDAS EN
2025, UN 7,9 %
MÁIS QUE NO ANO
ANTERIOR**

INCLUSIÓN

- Centro de día e inclusión social
- Centro de acollida e inclusión
- Programa de inclusión residencial

**ÁREAS DE TRABAJO
CIIES**

RESPOSTA INMEDIATA

- Albergue
- Comedor social
- Centro de atención social continuada
- Unidade de hixiene
- Sala de lecer
- Equipo de rúa

SERVIZOS TRANSVERSAIS

- Traballos na contorna
- Servizo de empadronamento
- Servizo de enderezo postal

5.2. CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL (CIIES)

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

ATENCIÓN INMEDIATA: UNHA RESPUESTA ÁXIL, DIGNA E PRÓXIMA

Os servizos de emerxencia do CIIES permiten ofrecer unha **resposta rápida e directa ante situacións de vulnerabilidade extrema**. A través do albergue, do comedor social, do apoio social continuado, da unidade de hixiene, da sala de lecer e do equipo de atención a domicilio, o centro ofrece un apoio básico e esencial que protexe, acompaña e conecta as persoas.

En 2025, o albergue atendeu 494 persoas e rexistrou unha taxa de ocupación do 95 %. Pola súa banda, o comedor social prestou atención a 545 persoas e serviu 22.975 comidas.

A unidade de hixiene tamén tivo un papel fundamental, con 542 persoas atendidas, que utilizaron as duchas en 16.446 ocasións. Ademais, 499 persoas fixeron uso das instalacións de lavandería, cun total de 8.983 servizos prestados, o que reflicte a importancia de manter recursos básicos que son esenciais para a vida cotiá.

EN 2025, O CIIES CONSOLIDOUSE COMO UN RECURSO MUNICIPAL CLAVE PARA OFRECER PROTECCIÓN, APOIO E NOVAS OPORTUNIDADES ÁS PERSOAS QUE MÁIS O NECESITAN

O centro de lecer foi utilizado por 693 persoas, mentres que o equipo de atención comunitaria continuou o seu labor de proximidade ao longo de todo o ano, asistindo a 267 persoas e realizando 1.727 intervencións de resposta á cidadanía.

Ademais, activouse o sistema de alerta por frío e meteoroloxía adversa en 13 ocasións, o que permitiu asistir a 334 persoas e reforzar a capacidade de resposta ante situacións de risco.

O apoio de proximidade permite ofrecer unha resposta máis humana, eficaz e adaptada ás circunstancias de cada persoa. É precisamente esta atención próxima a que facilita que a asistencia chegue a tempo, dea resposta ás necesidades máis urxentes e favoreza un acompañamento continuado.

CIFRAS DESTACADAS 2025

- 494 PERSOAS ATENDIDAS NO ALBERGUE CUNHA TAXA DE OCUPACIÓN DO 95 %.
- 545 PERSOAS ATENDIDAS NO COMEDOR SOCIAL CON 22.975 COMIDAS SERVIDAS AO LONGO DO ANO.
- 542 PERSOAS USUARIAS DA UNIDADE DE HIXIENE CON 16.446 USOS DAS DUCHAS REXISTRADOS.
- 499 PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE LAVANDERÍA CON 8.983 SERVIZOS PRESTADOS.
- 693 PERSOAS USUARIAS DA SALA DE LECER UN ESPAZO DE APOIO, DESCANSO E ACOMPAÑAMENTO.
- 267 PERSOAS ATENDIDAS POLO EQUIPO DE ATENCIÓN COMUNITARIA CON 1.727 INTERVENCIÓNS REALIZADAS.
- 334 PERSOAS ASISTIDAS EN SITUACIÓNS DE ALERTA POR FRÍO O SISTEMA ACTIVOUSE EN 13 OCASIÓNS DURANTE O ANO.

5.3. INCLUSIÓN E ACOMPAÑAMENTO NOS PROCESOS DE REFORZO DA AUTONOMÍA

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

Xunto co apoio inmediato, o CIIES desenvolve programas orientados a promover **procesos de inclusión máis estables e personalizados**. Estes recursos permiten acompañar as persoas participantes no reforzo da súa autonomía, na adquisición de hábitos cotiáns, na mellora da súa capacitación e empregabilidade, na inclusión residencial e na transición cara ao emprego e á vida autónoma.

En 2025, **o programa de atención diúrna contou con 303 participantes**. Pola súa banda, os centros de acollida e inclusión continuaron a ofrecer aloxamento residencial temporal desde o que traballar hábitos, habilidades e obxectivos de inclusión. **O programa básico contou con 15 participantes, mentres que o programa de transición á vida independente apoiou 5 persoas, das cales 3 completaron o proceso ao acceder a unha vivenda de alugueiro.**

Este apoio social **permite dar resposta ás necesidades urxentes** sen perder de vista os procesos de inclusión a medio prazo. Deste xeito, ofrecer **unha alternativa habitacional** tamén reforza a estabilidade e a autonomía persoal, creando mellores condicións para **avanzar noutras áreas de apoio**.

O programa de inclusión residencial apoiou 310 persoas e garantiu aloxamento alternativo para 37 persoas. Elaboráronse 69 plans de integración, reforzando un enfoque centrado na persoa, con obxectivos específicos, apoio técnico e seguimento continuado.

A TRAVÉS DO CIIES, OFRECEMOS UNHA RESPOSTA INMEDIATA, DIGNA E PRÓXIMA PARA PROTEXER E ACOMPAÑAR AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE MAIOR VULNERABILIDADE



5.4. SERVIZOS TRANSVERSAIS: PROMOVER OS DEREITOS E APOIAR A VIDA COTIÁ

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

O apoio do CIIES complétase con servizos transversais que facilitan a vida cotiá, o acceso aos dereitos e a autonomía comunitaria. Esta sección inclúe o servizo de rexistro e enderezo postal, o servizo de consigna de equipaxe, o servizo telefónico e as iniciativas relacionadas coa vida comunitaria e a contorna.

O seu valor reside en que abordan necesidades cotiás que son fundamentais para manter os procesos de inclusión. Dispor dun enderezo postal, gardar efectos persoais, manter o contacto coa familia ou cos servizos de apoio e contar cun contorno máis axeitado son formas de apoio que contribúen directamente á estabilidade e á posibilidade de avanzar noutras liñas de intervención.


En 2025, houbo 81 rexistros, 148 persoas usuarias do servizo de enderezo postal, 494 persoas usuarias do servizo de recollida de paquetes e 503 chamadas realizadas por 114 persoas.

Ademais, o centro continuou desenvolvendo iniciativas destinadas a fortalecer a vida comunitaria e a relación coa contorna. Neste ámbito, participaron 92 persoas en talleres de convivencia e realizáronse 282 orientacións educativas e de convivencia.

Este apoio diario, aínda que ás veces menos visible, forma parte dunha intervención social integral. Facilitar dereitos, manter rutinas e proporcionar ferramentas útiles para a vida cotiá tamén é unha forma de apoio e reforzo dos procesos de inclusión.

APOIAMOS INICIATIVAS DE INCLUSIÓN QUE AXUDAN A RESTAURAR A ESTABILIDADE, FORTALECER A AUTONOMÍA E ABRIR NOVAS OPORTUNIDADES DE VIDA

Servizos transversais do CIIES



5.5. PROTOCOLO FRÍO - CALOR, UN PROGRAMA ÚNICO EN GALICIA

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

PROTOCOLO ONDA DE FRÍO/CALOR

Este programa está deseñado para paliar, na medida do posible, os riscos para as persoas que viven na rúa cando a climatoloxía é adversa. No inverno, actívase cando a temperatura baixa dos 8 °C, ou cando se decreta alerta laranxa ou vermella.

No inverno, este protocolo comprende unha serie de accións orientadas ao reforzo de camas no CIIES e outras opcións de pernoita adicional, como hostais, habitacións de emerxencia ou derivacións a outras entidades colaboradoras. Ademais, refórzase o traballo da unidade de rúa, que reparte café quente e atende outras posibles necesidades de abrigo das persoas que rexeitan ou non poden acceder a unha alternativa baixo teito.

O Concello de Vigo ten establecido activar o protocolo de onda de frío cando as temperaturas mínimas sexan iguais ou inferiores a 8 °C durante, cando menos, tres días consecutivos.



VIGO CONTA CUN PROTOCOLO MUNICIPAL DE FRÍO/CALOR CUNHA AMPLA CAPACIDADE DE RESPOSTA ANTE SITUACIÓNS DE RISCO CLIMÁTICO

PROTOCOLO ONDA DE FRÍO/CALOR

2025

ENERO

L

M

MI

J

V

S

D

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

FEBRERO

L

M

MI

J

V

S

D

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

MARZO

L

M

MI

J

V

S

D

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

NOVIEMBRE

L

M

MI

J

V

S

D

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

DICIEMBRE

L

M

MI

J

V

S

D

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

JUNIO

L

M

MI

J

V

S

D

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

JULIO

L

M

MI

J

V

S

D

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

AGOSTO

L

M

MI

J

V

S

D

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

FRÍO

CALOR

JUNIO							JULIO							AGOSTO						
L	M	MI	J	V	S	D	L	M	MI	J	V	S	D	L	M	MI	J	V	S	D
						1														
2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10
9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17
16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24
23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	31
30																				

CALOR

5.5. PROTOCOLO FRÍO - CALOR, UN PROGRAMA ÚNICO EN GALICIA


Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

Persoas atendidas no protocolo Onda de frío



Durante as **Ondas de Frío deuse resposta** a todas as persoas sen fogar que solicitaron unha praza de albergue no CIIES. No caso de non ter praza dispoñible no centro, **coordínanse prazas con outros dispositivos da cidade**, ofrecendo a posibilidade de mobilización, ou valorando derivación a Hostais.

En total atendeuse a **334 persoas distintas: 285 homes e 49 mulleres**



Nos meses de **Xullo e Agosto** activouse o protocolo de atención por Onda de Calor debida ás altas temperaturas, as medidas adoptadas de atención ás persoas en situación de rúa son:

- Facilitar **auga fresca ás persoas en situación de rúa**. Entrega de botellos de auga de 50cl.
- **Orientar para uso da sala de lecer do CIIES** e pernoita en albergues da cidade.

O obxectivo é que poidan pasar as xornadas de temperaturas extremas en condicións de seguridade e **comodidade nos períodos de climatoloxía adversa**.

5.6. CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

A inclusión social constrúese desde a colaboración e a resposta coordinada entre as administracións públicas e o tecido social. Esta cooperación permite consolidar unha rede pública máis próxima, capaz de chegar ás persoas que máis o precisan. En 2025, o Concello de Vigo continuou fortalecendo o traballo con entidades sociais da cidade para dar resposta a necesidades básicas, ofrecer apoio social, atender as persoas sen fogar e promover o acompañamento comunitario.

CONVENIO COA ASOCIACIÓN VIDA DIGNA

A Asociación Vida Digna é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención integral ás persoas en estado de necesidade, facilitándolles a asistencia necesaria para satisfacer as súas necesidades materiais, formativas, psicosociais, administrativas e ocupacionais.

O convenio ten como finalidade cofinanciar o **servizo de comedor social de fin de semana e festivos durante todo o ano**, así como unha actividade de reparto de bens básicos a familias, servizos complementarios aos recursos de servizos sociais dos que dispón o Concello, como o comedor social do Albergue e Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) da rúa Marqués de Valterra.

CONVENIO COA ENTIDADE FUNDACIÓN SANTA CRUZ

A institución Fundación Santa Cruz, antes Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal a atención e o coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa.

O convenio ten como finalidade o sostemento do **Albergue “Casa Nosa Señora da Saúde”** e inclúe a promoción e o desenvolvemento de habilidades persoais e sociais das persoas residentes e usuarias do seu albergue, facilitándolles as competencias técnicas e os coñecementos necesarios.



5.7. CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

CONVENIO COA FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO

Este convenio ten como obxectivo **garantir o acceso a alimentos básicos ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social, mediante a atención inmediata ante situacións de vulnerabilidade económica e social.**

A colaboración co Banco de Alimentos permite asegurar o abastecemento e a distribución de alimentos a entidades sociais e de iniciativa cidadá, apoiando unha rede solidaria que contribúe a reducir situacións de pobreza, mellorar a cobertura das necesidades básicas e reforzar a cohesión social en Vigo.

O seu ámbito de distribución inclúe asociacións benéficas, residencias de maiores, albergues, comedores sociais, centros de acollida, colexios, cáritas parroquiais e outras entidades sociais.

CONVENIO COA ASOCIACIÓN SAL DE LA TIERRA

A Asociación Sal de la Tierra é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención das persoas excluídas ou en risco de exclusión social, **proporcionándolles principalmente alimentación a través dun comedor social e dun servizo de reparto de alimentos.**

O convenio ten como finalidade colaborar no financiamento do comedor social da rúa Manuel de Castro desta cidade e do servizo de reparto de alimentos, ambos xestionados pola Asociación Sal de la Tierra.



5.8. CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

CONVENIO COA FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO

A Fundación Secretariado Gitano é unha organización sen ánimo de lucro que ten como finalidade a promoción integral da comunidade xitana desde o recoñecemento e o apoio á súa identidade cultural.

O Concello apoia a execución do **Programa de atención a familias e unidades de convivencia**, consistente nun servizo de atención básica ás persoas e familias xitanas en situación de pobreza grave e socialmente desfavorecidas, co fin de favorecer a súa inclusión social activa, a igualdade de oportunidades e o acceso ao emprego.

CONVENIO COA ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO

A Asociación Misión del Silencio é unha institución privada relixiosa fundada en 1974 que conta na nosa cidade cun comedor social na rúa Urzáiz nº 39. Dispón de 44 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia e atende persoas e familias en situación de grave vulnerabilidade social.

Os servizos ofrecidos pola Asociación **Misión del Silencio inclúen a dispensación de comidas preparadas, orientación social profesional ás persoas que o demandan e información, orientación e acompañamento por parte dunha persoa profesional do Traballo Social.**

CONVENIO COA FUNDACIÓN CASA DE CARIDADE DE VIGO - FOGAR SAN JOSÉ

Este convenio ten como obxectivo garantir a cobertura de necesidades básicas das persoas en situación ou risco de exclusión social, especialmente no acceso á alimentación, á hixiene persoal e a outros recursos de primeira necesidade.

A colaboración coa Fundación Casa de Caridade de Vigo – Fogar San José, entidade cunha ampla traxectoria de apoio ás persoas máis vulnerables da cidade, permite manter recursos como o **Comedor da Esperanza e a unidade de hixiene**, ofrecendo unha atención diaria e próxima ás persoas que máis o precisan.

Ademais de proporcionar **comida, duchas, roupa e calzado**, este recurso contribúe a mellorar a dignidade, o benestar e a inclusión social das persoas atendidas.



5.9. CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

Inclusión social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade

509 PERSOAS

FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO


451 PERSOAS

FUNDACIÓN SANTA CRUZ

420 PERSOAS

VIDA DIGNA

Neste marco, os convenios con entidades sociais permitiron ampliar a capacidade de atención da rede municipal. En 2025, a Fundación Santa Cruz asistiu a 451 persoas; Vida Digna atendeu a 420 persoas; a Casa de Caridade proporcionou 34.352 comidas ata setembro; Misión del Silencio serviu 51.000 comidas ao longo do ano; e a Fundación Secretariado Gitano acompañou a 509 persoas, reforzando a inclusión e a igualdade de oportunidades.




**Orzamento das
entidades no
ano 2025**



**EN 2025, A
COLABORACIÓN CON
ENTIDADES SOCIAIS
SEGUIU A SER UNHA PEZA
CLAVE DO SISTEMA
LOCAL DE APOIO SOCIAL**

Servizos unitarios prestados





6

**Servizos e
programas para o
colectivo de
persoas maiores**

6.1. O PAPEL DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ÁMBITO DOS MAIORES

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

O PAPEL DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ÁMBITO DAS PERSOAS MAIORES

O avance da idade non responde a unha única realidade. Nas persoas maiores poden darse situacións moi distintas de autonomía, saúde, rede de apoio, participación social ou necesidades de coidado. Por iso, desde o Concello de Vigo seguimos a articular unha resposta diversa, de proximidade e cada vez máis orientada á combinación de tres piares fundamentais: atención, prevención e vida comunitaria.

Ao longo de 2025, mantívose unha rede de servizos e programas que permite acompañar as persoas maiores en cuestións esenciais da súa vida diaria, como a permanencia no fogar, a alimentación, a seguridade no domicilio ou o acompañamento no barrio. Ao mesmo tempo, abriuse espazo á participación, á actividade e á relación, como elementos que contribúen a un envellecemento máis activo, conectado e coidado.

A colaboración con entidades sociais completa esta resposta e reforza a nosa capacidade para actuar ante situacións de soidade non desexada e vulnerabilidade relacional. A estrutura desta sección mantén a organización da memoria anterior, co obxectivo de facilitar a lectura comparada e a continuidade da serie.

PRINCIPAIS AVANCES EN 2025



- **REFORZO DOS RECURSOS DE APOIO NO DOMICILIO E DE ATENCIÓN DE PROXIMIDADE.**
- **CRECIMENTO DO PROGRAMA DE COIDADOS E ACTIVIDADES DE BARRIO, TANTO EN PERSOAS ATENDIDAS COMO EN INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS COIDADORAS.**
- **CONSOLIDACIÓN DO VIGO, CIDADE DAS PERSOAS MAIORES COMO PROGRAMA DE PARTICIPACIÓN, CONVIVENCIA E PREVENCIÓN DA SOIDADE.**
- **INICIO DO PROGRAMA ONDA MAIOR, COMO ESPAZO AUDIOVISUAL NO ÁMBITO DO ACOMPAÑAMENTO E DA VISIBILIZACIÓN DAS PERSOAS MAIORES QUE VIVEN OU SE SENTEN SOAS.**

6.2. O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

O **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** é unha prestación municipal de carácter básico e comunitario orientada a apoiar ás persoas no seu propio domicilio, cando precisan axuda para desenvolver a súa vida diaria, manter a súa autonomía ou previr situacións de deterioro, dependencia ou institucionalización.

Trátase dun recurso central na atención ás persoas maiores e ás persoas en situación de dependencia, porque permite reforzar a atención, o coidado e o acompañamento no contorno habitual. **O servizo combina atención persoal, apoio en tarefas domésticas e servizos complementarios, de acordo coas necesidades de cada persoa usuaria.**

A súa prestación require unha coordinación continuada entre o Concello, o equipo de coordinación e o equipo de atención directa, así como un seguimento permanente das persoas usuarias a través de visitas, chamadas e comunicación co persoal que presta o servizo no domicilio

OBXECTIVOS DO SAF

Favorecer a permanencia da persoa no seu fogar e no seu contorno habitual

Promover a autonomía persoal e manter as capacidades funcionais

Apoiar nas actividades básicas da vida diaria e nas tarefas domésticas

Previr situacións de deterioro físico, psíquico ou social

Acompañar situacións de soidade, risco ou vulnerabilidade

Reforzar o apoio ás familias e ás persoas coidadoras

Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas coidadoras

Detectar necesidades e activar recursos complementarios cando sexa necesario



UN SERVIZO QUE REFORZA A AUTONOMÍA DAS PERSOAS MAIORES, FAVORECE A PERMANENCIA NO FOGAR E CONTRIBÚE A PREVIR SITUACIÓNS DE DETERIORO OU INSTITUCIONALIZACIÓN

6.2. O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

O SAF CONSOLÍDASE COMO UN DOS PRINCIPAIS RECURSOS MUNICIPAIS DE APOIO NO DOMICILIO

O servizo atende principalmente a persoas maiores, persoas en situación de dependencia e persoas que precisan acompañamento para manter a súa autonomía.

1.361
PERSONAS USUARIAS
ATENDIDAS




Ao longo de 2025, o SAF atendeu a 1.361 persoas usuarias. O 94 % correspondía á modalidade de dependencia, o que confirma o papel do servizo como recurso esencial de apoio continuado no domicilio.

O perfil das persoas atendidas mostra unha presenza maioritaria de mulleres e unha elevada concentración de persoas maiores de 80 anos.

69,1 %
DAS PERSOAS ATENDIDAS
TEÑEN MÁIS DE 80 ANOS

Distribución por sexo segundo modalidade



6.2. O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

Unha atención continuada e adaptada ás necesidades de cada persoa

O SAF combina atención persoal, tarefas domésticas, seguimento profesional e servizos complementarios para reforzar o apoio no domicilio.

604.590

HORAS DE SERVIZO
PRESTADAS

88,3 %

DOS SERVIZOS COMBINAN
ATENCIÓN PERSOAL E
TAREFAS DOMÉSTICAS

60,7 %

DAS PERSOAS USUARIAS
TEÑEN ASIGNADAS MÁIS DE 9
HORAS SEMANAIS

73,3 %

RECIBEN SERVIZO ENTRE 5 E 7
DÍAS Á SEMANA

A prestación do SAF caracterízase pola continuidade da atención e pola adaptación ás necesidades de cada persoa usuaria. En 2025, o servizo prestou máis de 604.590 horas de atención, distribuídas polas diferentes zonas da cidade.

A maior parte das intervencións combinan atención persoal e tarefas domésticas, o que permite apoiar tanto as actividades básicas da vida diaria como o mantemento dun contorno adecuado no fogar. Ademais, unha parte significativa das persoas usuarias recibe atención varios días á semana, reforzando o carácter estable e continuado do recurso.

O SAF complétase con servizos de apoio específicos, como podoloxía, perruquería, terapia ocupacional, psicoloxía, integración social e axudas técnicas, que permiten dar unha resposta máis ampla ás necesidades detectadas no domicilio.

**UN MODELO DE ATENCIÓN DE PROXIMIDADE
QUE REFORZA A AUTONOMÍA, A SEGURIDADE E
A CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS NO SEU
FOGAR**



6.3. PROGRAMA XANTAR NA CASA

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

Co programa Xantar na Casa ofrecemos un **servizo de comida a domicilio dirixido a persoas maiores e/ou dependentes con déficits de autonomía persoal**. A súa finalidade é garantir unha alimentación equilibrada, de calidade e adaptada ás necesidades das persoas usuarias, ao tempo que reforzamos a súa permanencia no fogar e complementamos outros recursos municipais de atención domiciliaria, especialmente o SAF.

O programa reforza á vida independente e á conciliación dos coidados no ámbito familiar. O dato máis relevante do exercicio é o **aumento do número de persoas participantes, que pasa de 265 en 2024 a 325 en 2025**, cun orzamento de 157.000 €. Tamén se mantén a coordinación con outros servizos municipais: 50 persoas usuarias compatibilizaron Xantar na Casa co Servizo de Axuda no Fogar. A comparación con 2024 permite ver tamén unha maior mobilidade do programa. En 2024 rexistráranse 56 altas e en 2025 contabilízanse 93 incorporacións.



**O PROGRAMA REFORZA Á VIDA
INDEPENDENTE E Á CONCILIACIÓN DOS
COIDADOS NO ÁMBITO FAMILIAR.**



+ 22 %

DE PARTICIPACIÓN
EN 2025 CA EN 2024



6.3. PROGRAMA XANTAR NA CASA

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

PERFIL DAS PERSOAS USUARIAS DESTE SERVIZO

En 2025 participaron no programa 325 persoas, das cales 190 foron mulleres e 135 homes.


A distribución por idade mostra unha maior concentración nas franxas de máis idade, especialmente entre os 76 e os 95 anos, o que confirma o papel do servizo como recurso de apoio para persoas maiores que precisan acompañamento, coidados ou soporte no seu contorno habitual.



135 HOMES


190 MULLERES

IDADES DAS PERSOAS USUARIAS



COMPARATIVA 2024-2025

Durante o ano rexistráronse 93 incorporacións e 61 baixas. Estes datos reflicten a variabilidade da situación persoal, familiar e social das persoas usuarias, así como a capacidade do servizo para adaptarse ás novas necesidades de atención.



6.4. SERVIZO DE TELEASISTENCIA

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

A teleasistencia domiciliaria é un recurso tecnolóxico de apoio que permite ás persoas usuarias contactar, de xeito permanente, cun centro de atención dispoñible as 24 horas do día durante todo o ano.

Está pensada especialmente para persoas maiores, persoas con discapacidade, persoas con enfermidades crónicas ou persoas que, sen ter unha situación de dependencia recoñecida, poden necesitar apoio para reforzar a súa seguridade, facilitar unha resposta inmediata ante situacións de risco e favorecer a permanencia no fogar.

Os seus principais obxectivos son:

OBJECTIVOS DA TELEASISTENCIA		Proporcionar unha atención inmediata e axeitada ante situacións de emerxencia, a través de persoal especializado.
		Garantir a comunicación interpersonal bidireccional ante calquera necesidade, as 24 horas do día, todos os días do ano.
		Proporcionar atención presencial á persoa cando esta sexa necesaria.
		Previr e detectar de forma temperá situacións de risco que poidan producirse como consecuencia da idade, a discapacidade, a enfermidade ou o illamento social.
		Promover hábitos e condutas dirixidas á mellora da calidade de vida e ao fomento do benestar global, tanto físico como psicolóxico ou social.


Ademais, o servizo complétase con **visitas domiciliarias**, tanto para a avaliación inicial das persoas usuarias como para o seguimento das súas necesidades, o que permite adaptar a intervención a cada situación. Así mesmo, **incorpora dispositivos periféricos de apoio no fogar**, orientados á prevención de riscos, como sensores de detección de gas ou monóxido, que reforzan a seguridade e facilitan unha resposta rápida ante posibles incidencias.

6.4. SERVIZO DE TELEASISTENCIA


Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

Ao longo do ano atendéronse un total de **981 persoas usuarias**, o que supón o nivel máis alto dos últimos anos. Este aumento reflicte tanto a maior demanda como a confianza crecente da cidadanía nun recurso que dá resposta a necesidades clave relacionadas coa idade, a soidade ou a dependencia.



A distribución por UTS mostra que non hai diferenzas relevantes entre a zona urbana e a zona rural, aínda que se observa unha maior incidencia nos ámbitos cun maior proceso de envellecemento poboacional, como Castrelos, con 86 persoas usuarias, e Industria, con 83.



O servizo tamén destaca polo seu acompañamento constante e pola **rápida resposta ante situacións de necesidade**.

Xunto a este alcance, cómpre salientar a valoración das persoas usuarias, que acada unha puntuación global de 9,75 sobre 10.

9,75 / 10
NA SATISFACCIÓN
GLOBAL DOS USUARIOS

+ 37.000 ALARMAS ATENDIDAS
+ 52.000 CHAMADAS REALIZADAS
+ 300 VISITAS DOMICILIARIAS DE SEGUIMIENTO



6.4. SERVIZO DE TELEASISTENCIA

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6


PERFIL DAS PERSOAS USUARIAS DESTE SERVIZO

A teleasistencia diríxese principalmente a persoas maiores, especialmente a partir dos 80 anos, momento no que aumenta a necesidade de apoio no día a día. Neste grupo destaca a maior participación de mulleres respecto dos homes.


Outro aspecto relevante é que unha parte importante das persoas usuarias viven soas. Neste contexto, a teleasistencia convértese nun apoio fundamental, xa que achega seguridade, tranquilidade e contacto permanente, permitindo que as persoas poidan seguir vivindo no seu fogar con maior autonomía.

En conxunto, o perfil das persoas usuarias pon de manifesto o valor do servizo como resposta próxima e eficaz ante situacións de soidade ou vulnerabilidade, contribuíndo a mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas maiores.

Distribución por idade e sexo das persoas usuarias



Situación de convivencia das persoas usuarias




6.4. SERVIZO DE TELEASISTENCIA

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES DO PROGRAMA

A análise dos expedientes finalizados no Servizo reflicte, en boa medida, a evolución natural das situacións das persoas usuarias. A maior parte dos casos péchanse por falecemento ou por ingreso en centros residenciais, circunstancias asociadas á idade avanzada e ao incremento das necesidades de coidado.



OUTRAS AXUDAS ENGADIDAS COMO MELLORAS NO SERVIZO

Durante o ano 2025, o Servizo Mellora completouse cun conxunto de actuacións orientadas a mellorar a calidade de vida das persoas usuarias e a reforzar o acompañamento no seu contorno habitual. Estas medidas permiten dar resposta a necesidades cotiás que inflúen directamente no benestar persoal, na autonomía e na relación social das persoas maiores.

Entre estas actuacións inclúense servizos de apoio persoal, como podoloxía e perruquería, que contribúen ao coidado, á hixiene e á mellora da autoestima das persoas usuarias. Tamén se desenvolveron iniciativas de convivencia e participación, como as ceas de Nadal, pensadas como espazos de encontro para favorecer a relación social, o acompañamento comunitario e a prevención da soidade non desexada.

A estas accións súmanse medidas específicas de apoio emocional, como o acompañamento con cans adestrados. En 2025 entregáronse tres cans a persoas que viven soas ou con redes de apoio limitadas, co obxectivo de reforzar a súa autonomía, seguridade e benestar emocional no día a día.

**PEQUENAS AXUDAS COTIÁS QUE
REFORZAN O COIDADO, A AUTONOMÍA
E O ACOMPAÑAMENTO DAS PERSOAS
MAIORES**



6.4. SERVIZO DE TELEASISTENCIA


Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

Entre todas as actuacións, destaca especialmente a celebración da I Festa do Servizo de Teleasistencia, que reuniu 260 persoas usuarias.

Esta iniciativa, ademais de promover o encontro e a convivencia, permitiu visibilizar o servizo e fortalecer o sentimento de pertenza das persoas participantes, consolidándose como unha actividade de gran impacto social.

Servizos especiais de 2025



AÍNDA QUE O PERFIL XERAL DAS PERSOAS USUARIAS NON REFLECTE CAMBIOS RELEVANTES, O SERVIZO DE TELEASISTENCIA EVOLUCIONOU E CONSOLIDOUSE COMO UN RECURSO MOITO MÁIS COMPLETO



6.5 PROGRAMA DE COIDADORES E COIDADORAS DE BARRIO

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

O programa de coidadoras e coidadores de barrio é un dos recursos máis singulares da política social municipal, porque combina dúas dimensións complementarias e permite actuar desde unha perspectiva próxima, comunitaria e preventiva.

Por unha banda, ofrece acompañamento e apoio a persoas maiores e a outras persoas en situación de vulnerabilidade para realizar xestións, saír á rúa, manter a actividade no contorno e previr situacións de illamento. Este apoio resulta especialmente relevante para persoas que viven soas, que teñen unha rede familiar ou social limitada ou que precisan reforzar a súa autonomía nas tarefas cotiás.

Pola outra, crea oportunidades de inserción laboral para persoas en situación ou risco de exclusión social, que se incorporan ao programa con itinerarios de acompañamento e formación. Deste xeito, o recurso non só mellora a atención comunitaria, senón que tamén favorece a adquisición de competencias, a experiencia laboral e a participación activa das persoas traballadoras no coidado da cidade.

En conxunto, trátase dun programa que conecta apoio social, presenza no barrio e inclusión laboral, reforzando unha resposta municipal máis próxima ás necesidades reais das persoas.

**ACOMPANÑAMENTO, APOIO
COMUNITARIO E INSERCIÓN
LABORAL NUN MESMO
RECURSO MUNICIPAL**

ACOMPANÑAMENTO NO ENVELLECIMENTO



INSERCIÓN LABORAL

6.5 PROGRAMA DE COIDADORES E COIDADORAS DE BARRIO

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

COMO FUNCIONA O PROGRAMA NO DÍA A DÍA: APOIO ÁS PERSOAS E MELLORA DO BARRIO

Este programa combina distintas actuacións prácticas que permiten responder ás necesidades cotiás das persoas maiores, ao tempo que reforza a vida comunitaria nos barrios. Para iso, **conta cun equipo de 29 traballadoras en situación de vulnerabilidade ou exclusión social**, incorporadas tamén a un importante proceso de inmersión de inclusión laboral.

Entre os servizos máis habituais destacan:

Visitas domiciliarias

Son unha ferramenta fundamental do programa, xa que permiten coñecer de primeira man a realidade de cada persoa beneficiaria, identificar necesidades e valorar os apoios máis axeitados en cada situación.

Realízanse principalmente no momento da incorporación ao servizo, permitindo ofrecer unha atención máis próxima, personalizada e eficaz.

**154 VISITAS
DOMICILIARIAS
REALIZADAS A 404
PERSOAS USUARIAS**

DIMENSIÓNS ANALIZADAS NA VALORACIÓN SOCIAL




6.5 PROGRAMA DE COIDADORES E COIDADORAS DE BARRIO

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

Os servizos de acompañamento

Dentro do programa, **favórecese a autonomía das persoas e acompañanse as tarefas presentes no seu día a día**. Entre elas inclúense os paseos, que favorecen a mobilidade e o contacto social; os recados e pequenas xestións administrativas; os acompañamentos a consultas médicas, actividades de lecer ou servizos sociais; e o apoio en distintas tarefas e outras solicitudes que facilitan o acceso a recursos e contribúen a reducir dificultades administrativas.



OS PASEOS COMO
ACOMPÑAMENTO
MÁIS SOLICITADO



As persoas participantes colaboran na detección de incidencias no espazo público, comunicando necesidades relacionadas coa limpeza, o mobiliario urbano, a iluminación ou a accesibilidade, contribuíndo así á mellora do barrio e ao benestar da veciñanza.

O PROGRAMA ACHEGOU APOIO CONTINUADO NAS ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA, FACILITANDO DESPRAZAMENTOS, RECADOS E XESTIÓN QUE CONTRIBÚEN A MANTER A AUTONOMÍA DAS PERSOAS USUARIAS



Traballo comunitario e participación social

O programa promove unha dimensión social e comunitaria a través de **saídas e actividades compartidas ao aire libre**.

Realizáronse visitas pola ría, festas de verán, participación en celebracións dos barrios, actividades interxeracionais e saídas no tren turístico de Nadal.

6.5 PROGRAMA DE COIDADORES E COIDADORAS DE BARRIO

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

PERFIL DAS PERSOAS USUARIAS DESTE SERVIZO


En 2025 fixeron uso do servizo 404 persoas, das que 323 foron mulleres e 81 homes. A maior parte das persoas usuarias situouse entre os 76 e os 89 anos. Estes datos amosan que o programa achega o apoio máis necesario nunha etapa vital na que a autonomía e a permanencia no fogar requiren maior acompañamento e seguridade.

Ademais, 251 persoas vivían soas, polo que o servizo convértese nun apoio próximo e moi valioso no día a día, reducindo o illamento e facilitando o acompañamento en tarefas cotiás.

Así mesmo, 190 persoas, o 47 %, tiñan recoñecido un grao de discapacidade, o que reflicte a capacidade do programa para adaptarse a situacións diversas e ofrecer respostas útiles a cada necesidade.

IDADES DAS PERSOAS USUARIAS

**404 PERSOAS
ACOMPÑADAS CUN EQUIPO
DE COIDADORAS DE BARRIO**



81 HOMES

323 MULLERES

Ademais, 261 persoas vivían soas, polo que o servizo se consolida como un apoio próximo e especialmente relevante no día a día, ao reducir o illamento e facilitar o acompañamento en tarefas cotiás.


Así mesmo, 190 persoas, o 47 %, tiñan recoñecido un grao de discapacidade, o que reflicte a capacidade do programa para adaptarse a situacións diversas e ofrecer respostas útiles a cada necesidade.

6.5 PROGRAMA DE COIDADORES E COIDADORAS DE BARRIO

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

No 2025, o programa medra e mellora resultados, reforzando o seu papel como recurso de apoio e acompañamento de proximidade. O número de persoas beneficiarias ascende a 404, fronte ás 356 do ano anterior, acadando o mellor dato desde o inicio do programa.



Tamén se rexistran avances significativos noutros indicadores do programa, cun incremento das altas ata **186 persoas e unha mellora das insercións laborais, que pasan de 13 en 2024 a 20 en 2025**. Esta evolución reflicte a capacidade do servizo para responder a un volume crecente de necesidades sociais, mantendo un acompañamento continuado e próximo ás persoas usuarias.

Ao mesmo tempo, resolvéronse 22 expedientes, maioritariamente vinculados a cambios na situación persoal ou residencial das persoas participantes.

Comparativa 2024-2025



+ 33

PERSOAS BENEFICIARIAS
DE 356 EN 2024 A 404 EN
2025



+ 7

INSERCIÓNS LABORAIS
DE 13 EN 2024 A 20 EN
2025

AS INSERCIÓNS LABORAIS MEDRAN RESPECTO AO 2024

COIDADORAS E COIDADORES DE BARRIO EN DATOS



6.5 PROGRAMA DE COIDADORES E COIDADORAS DE BARRIO

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6



EMPREGO CON IMPACTO SOCIAL: PARTICIPACIÓN LABORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

O programa incorpora tamén unha importante vertente de inclusión social e laboral, ofrecendo oportunidades de emprego a persoas en situación de vulnerabilidade social que pasan a formar parte do persoal de acompañamento do programa. Deste xeito, convértese nun recurso útil para favorecer a inserción laboral, a adquisición de experiencia profesional e a mellora da empregabilidade.



69

**Persoas traballadoras
pasaron polo programa ao
longo de 2025.**



56

**Desenvolveron un Itinerario
Personalizado de Inserción
(IPI).**



**A maior parte das persoas
participantes atópanse entre
os 31 e os 60 anos. Isto amosa
que o programa se orienta a
persoas que continúan
querendo e podendo activar
oportunidades laborais en
plena etapa activa.**



83 %

**Do persoal laboral foi
femenina**

¿EN QUÉ CONSISTE O IPI?

O **Itinerario Personalizado de Inserción (IPI)** é un plan individual de acompañamento orientado a mellorar a empregabilidade das persoas participantes no programa. Combina formación, seguimento profesional e apoio social, co obxectivo de reforzar competencias, superar barreiras persoais e facilitar o acceso ao mercado laboral ordinario.

6.5. PROGRAMA VIGO, CIDADE DOS MAIORES

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

Co programa Vigo, cidade das persoas maiores seguimos a promover un modelo de envellecemento activo baseado na participación, a convivencia, a actividade física e cognitiva e a presenza das persoas maiores na vida da cidade. A variedade de formatos permite construír unha proposta máis completa e máis útil.

OBRADOIROS COMPLEMENTARIOS: SAÚDE E CONVIVENCIA AO LONGO DE TODO O ANO

Estes obradoiros realízanse nas oficinas municipais de distrito, asociacións sen ánimo de lucro ou centros de maiores que o soliciten e aos que se lles conceda o desenvolvemento de actividades lúdico-formativas. As actividades son gratuítas e contan con sesións dunha hora ou dunha hora e media de duración.



**RITMO E
MOVEMENTO**



**HUMOR E
CREATIVIDADE**



**SAÚDE E
BENESTAR**




**CANTA
CON NÓS**



**MENTE
ACTIVA**



PILATES



TEATRO

AS ACTIVIDADES AO AIRE LIBRE



Bailes de fin de semana: converten centros sociais e asociacións veciñais en espazos de ocio compartido abertos ao público xeral. A súa acollida foi moi boa: **645 participantes.**

Actividades interxeracionais de verán: desenvoltas en prazas e espazos públicos, combinando convivencia con exercicio físico e exercicios de mantemento, estiramento e quecemento.



Rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo: proposta singular de percorridos guiados que achega ás persoas maiores ao patrimonio marítimo, ambiental e paisaxístico da cidade. **221 prazas entre 44 viaxes.**

Viaxa e coñece: destinado a favorecer o coñecemento do patrimonio histórico, cultural e paisaxístico da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal a través de excursións dun día organizadas polos colectivos de persoas maiores que o soliciten. O proxecto favoreceu a participación de **1.135 persoas en 20 saídas organizadas.**



1.021 PERSOAS PARTICIPARON EN 2025 EN VIGO, CIDADE DAS PERSOAS MAIORES, CONSOLIDADO COMO UN PROGRAMA DE BENESTAR E LECER.

6.6 CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

6

A colaboración co tecido social permite ampliar a capacidade de acompañamento e detección ante situacións de soidade non desexada, illamento ou vulnerabilidade relacional. No 2025, esta liña de convenios mantense actualizada: o convenio anteriormente denominado Amigos dos Maiores pasa a denominarse Grandes Amigos en Acción, e incorpórase ademais unha nova colaboración.

CONVENIO GRANDES AMIGOS EN ACCIÓN

Este convenio mantén a súa orientación ao acompañamento afectivo e relacional de persoas maiores que viven ou se senten soas, ofrecendo unha resposta á soidade non desexada desde unha perspectiva de proximidade, voluntariado e traballo en rede.



Acompañamento afectivo e relacional a persoas maiores en situación de soidade



151
persoas maiores

178
persoas voluntarias



20.000 €
de importe do convenio



Acompañamento e socialización para persoas maiores de 65 anos, favorecendo a compañía e o benestar emocional.



25
persoas maiores
40
persoas voluntarias



10.000 €
de importe do convenio



EN 2025, O CONCELLO REFORZA A RESPOSTA Á SOIDADE NON DESEXADA, COMBINANDO RECURSOS MUNICIPAIS E COLABORACIÓN CO TECIDO SOCIAL

CONCELLO
DE VIGO



7

Servizos e programas para o colectivo de persoas migrantes

7.1 VIGO, UNHA CIDADE DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN

Servizos e programas para o colectivo de persoas migrantes

7

A diversidade de orixes forma parte da realidade social e tamén da identidade de Vigo. Ao longo da súa historia, Vigo foi unha cidade aberta e acollidora, construída coas achegas de persoas doutros territorios e que hoxe forman parte activa da súa vida social, económica e cultural. Esta realidade configúrase como unha oportunidade para o enriquecemento colectivo e para a construción dunha sociedade máis plural e cohesionada.

Para moitas persoas, o proceso migratorio implica non só un cambio de país, senón tamén a necesidade de coñecer unha nova normativa, acceder á información básica sobre dereitos e servizos, resolver trámites complexos e iniciar un proceso de integración social e laboral nun contexto descoñecido.

Desde o Concello de Vigo seguimos a acompañar estes procesos a través dun servizo específico de atención ás persoas migrantes que combina información, orientación, asesoramento xurídico e intervención social, en coherencia co establecido no Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo, que promove a integración social e económica das persoas migrantes e a convivencia desde unha perspectiva de diversidade, a través dos programas de información e asesoramento e de mediación intercultural.

O SERVIZO MUNICIPAL ADQUIRIU UN PAPEL RELEVANTE COMO RECURSO DE INFORMACIÓN, ACOMPAÑAMENTO E ORIENTACIÓN, E FACILITOU A COMPRENSIÓN DOS CAMBIOS NORMATIVOS E O ACCESO AOS RECURSOS DISPOÑIBLES

2025, UN ANO DE CAMBIOS NORMATIVOS

No 2025, a entrada en vigor do novo Regulamento de estranxeiría supuxo un avance relevante no marco de dereitos e procedementos das persoas migrantes.

7.2 PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Servizos e programas para o colectivo de persoas migrantes

7

O Concello de Vigo conta desde hai máis de quince anos cun servizo específico de información e atención dirixido á poboación migrante residente no municipio. A súa finalidade é favorecer a integración social e económica das persoas migrantes e das persoas emigrantes retornadas.

O servizo ofrece información e orientación personalizada sobre dereitos, trámites e recursos dispoñibles. Inclúe a xestión de informes necesarios en procedementos como a regularización administrativa ou a reagrupación familiar, así como apoio no acceso a recursos sociais, educativos e sanitarios, prestacións e orientación para a inserción laboral.

Este programa facilita que as persoas conten coa información necesaria para desenvolver o seu proxecto de vida con maior seguridade e autonomía.


SERVIZO DE TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN

O servizo de tradución e interpretación facilita a comunicación entre a cidadanía e os servizos municipais, eliminando barreiras lingüísticas e permitindo unha atención clara e eficaz en ata 54 idiomas.

O seu uso experimentou un crecemento continuado nos últimos anos, pasando de 1.222 minutos en 2023 a 4.583 minutos en 2025, o que reflicte tanto a diversidade lingüística da cidade como a capacidade do Concello de Vigo para adaptarse ás novas necesidades.



54 IDIOMAS E MÁIS DE 75 HORAS DE USO EN 2025



7.2 PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO


Servizos e programas para o colectivo de persoas migrantes

7

PERFIL DAS PERSOAS USUARIAS DESTE SERVIZO

No 2025 creáronse 1.096 expedientes novos e traballouse cun **total de 1.165 persoas usuarias.**

No relativo ao sexo, o servizo atendeu un maior número de mulleres que de homes: 680 mulleres e 485 homes.



485 HOMES



680 MULLERES



26 - 49 ANOS

ATENCIÓN CENTRADA NA IDADE ACTIVA

A maior parte das persoas usuarias concentráronse entre os **26 e os 49 anos, unha franxa de idade vinculada a proxectos de vida, emprego e integración comunitaria**, o que evidencia o papel do servizo como apoio clave en etapas de plena actividade laboral e social.

DIVERSIDADE DE ORIXES

Obsérvase unha ampla diversidade de orixes, en coherencia coa realidade demográfica da cidade. Entre as nacionalidades máis representadas en 2025 atópanse Colombia, Perú e Venezuela.



Colombia



Perú



Venezuela



7.2 PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Servizos e programas para o colectivo de persoas migrantes

7

CITA PREVIA E ACCESO AO SERVIZO

O sistema de cita previa continuou sendo unha das principais vías de acceso ao servizo de migración. En 2025 solicitáronse **1.865 citas e realizáronse 1.174 atencións**, o que supón un incremento de máis do 20 % respecto ao ano anterior.

O volume de citas anuladas ou ás que finalmente as persoas usuarias non puideron acudir puxo de manifesto a necesidade de manter un servizo flexible e con capacidade de adaptación para reorganizar a atención e optimizar os recursos dispoñibles.

Este aumento da demanda estivo ligado, en parte, aos cambios normativos en materia de estranxeiría, reforzando o papel do servizo como recurso de información, orientación e acompañamento adaptado a un contexto especialmente dinámico.



493 NON ACUDIRON

198 ANULADAS

1174 REALIZADAS

1.865 CITAS

**EN 2025 REALIZOUSE UN 20
% MÁIS DE CITAS RESPECTO A
2024**

7.2. PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Servizos e programas para o colectivo de persoas migrantes

7

TRAMITACIÓN E PRINCIPAIS DEMANDAS

O programa pode artellarse en fases a partir da atención inicial, onde se produce información específica relacionada co procedemento administrativo que require cada persoa, coa documentación, revisión de solicitudes e xestión de informes.

Ademais dos procedementos de arraigamento, as persoas usuarias manteñen unha entrevista co asesor xurídico ou coa traballadora social; nos procedementos de vivenda, **a traballadora social realiza ademais unha visita domiciliaria previa á emisión do informe.**

FASE 1: ATENCIÓN INICIAL

Información e orientación: punto de entrada común para todas as persoas usuarias.

FASE 2: DERIVACIÓN SEGUNDO A NECESIDADE

INFORMACIÓN ESPECÍFICA

Información e orientación:
punto de entrada común para
todas as persoas usuarias.



Finaliza o proceso tras a
consulta.

PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

- **Asesoramento:** Información sobre a documentación necesaria.
- **Revisión:** Cotexo das solicitudes presentadas.
- **Xestión de informes:** emisión do documento correspondente segundo o caso.

FASE 3: PROCEDEMENTOS ESPECÍFICOS

PROCEDEMENTO	ACTUACIÓN	PROFESIONAL
Arraigamento	Entrevista persoal	Asesor xurídico ou Traballadora social
Vivenda	Entrevista persoal + Visita domiciliaria	Traballadora social

7.2. PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Servizos e programas para o colectivo de persoas migrantes

7

AS PRINCIPAIS DEMANDAS NESTE ANO 2025

O servizo reforzou a súa **capacidade de resposta nun ano marcado polos cambios normativos** en materia de estranxeiría, atendendo consultas cada vez máis diversas e especializadas

A maior parte das consultas estiveron relacionadas cos distintos permisos e autorizacións de residencia e traballo, cuestións vinculadas ao **padrón, sanidade, educación e nacionalidade**, especialmente entre as persoas recentemente chegadas.



+ 300

persoas solicitan información sobre **permisos e autorizacións de residencia e traballo**



+ 60

persoas solicitan información sobre **asilo e protección internacional**



+ 50


persoas solicitan información sobre **nacionalidade**

INFORMES EMITIDOS EN 2025

Ao longo de 2025 elaboráronse **374 informes, fronte aos 187 realizados en 2024**, duplicando practicamente a actividade respecto ao ano anterior. Este incremento reflicte o importante labor de acompañamento, orientación e apoio administrativo desenvolvido polo servizo ao longo do ano. O servizo tamén se realizou **1 informe vinculado á OIM.**

¿QUE É O INFORME RETORNO OIM?

Informe vinculado aos programas de retorno voluntario asistido da ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL PARA AS MIGRACIÓNS (OIM), dirixidos a acompañar persoas migrantes no seu proceso de regreso ao país de orixe con apoio social e administrativo.



**PROGRAMA DE
INFORMACIÓN E
ASESORAMENTO**

7.2. PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Servizos e programas para o colectivo de persoas migrantes

7

COORDINACIÓN, COOPERACIÓN E FORMACIÓN

O servizo municipal de migracións desenvolve o seu labor en coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios Básicos e coas entidades sociais que traballan coa poboación migrante na cidade. Este traballo en rede reforza a capacidade de acompañamento, orientación e intervención social, favorecendo unha atención máis integral e coordinada ás persoas usuarias.


Durante 2025 mantívose e consolidouse a colaboración con entidades como **Cáritas Emigración, Cruz Vermella, Fundación Juan Soñador a través do programa Teranga ou Provivienda.**

CURSO CIDADANÍA E INTEGRACIÓN

En coordinación co Programa municipal de Inclusión Social, en 2025 desenvolvéronse **tres edicións do curso Cidadanía e Integración**, cunha duración total de **40 horas**, nas que **participaron e finalizaron a formación 38 persoas**. Esta acción permitiu facilitar ás persoas participantes a acreditación da formación requirida en determinados procedementos administrativos, reforzando ao mesmo tempo o acompañamento municipal nos procesos de integración social e inclusión na cidade.



8



Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas con diversidade funcional



8. PROGRAMAS DESTINADOS AO COLECTIVO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Servizos e programas para o colectivo de persoas con discapacidade

Avanzar cara a unha cidade máis inclusiva implica crear condicións reais para que as persoas con discapacidade poidan participar na vida social, cultural e comunitaria en igualdade de oportunidades. Isto supón non só eliminar barreiras, senón tamén **impulsar recursos, actividades e apoios que favorezan a autonomía, a participación e o benestar das persoas e das súas familias.**

Dende o Concello de Vigo seguimos a desenvolver esta liña de traballo a través de programas municipais de lecer inclusivo e da colaboración con entidades sociais especializadas que reforzan e complementan a acción municipal.

En 2025, esta liña de traballo estivo especialmente presente no programa **Vigo Inclusivo**, con actividades desenvolvidas en distintos períodos non lectivos, e nos convenios con entidades que traballan en ámbitos como a discapacidade intelectual, a saúde mental, o autismo, as demencias neurodexenerativas, a discapacidade auditiva ou a atención psicosocial.

**O CONCELLO REFORZA O SEU
COMPROMISO CUNHA
CIDADE MÁIS ACCESIBLE,
PARTICIPATIVA E INCLUSIVA
PARA TODAS AS PERSOAS**



8.1. PROGRAMA VIGO INCLUSIVO

Servizos e programas para o colectivo de persoas con discapacidade

O Programa Vigo Inclusivo constitúe unha das principais iniciativas do Concello de Vigo para garantir o dereito ao ocio e ao tempo libre das persoas con diversidade funcional, promovendo **unha cidade máis accesible, participativa e inclusiva**. O seu obxectivo é crear espazos de lecer adaptados, seguros e atractivos que permitan traballar a autonomía, a independencia, a participación e a inclusión dentro da oferta de actividades da cidade.

Trátase dun **recurso de educación non formal que combina actividades lúdicas e socioeducativas**, favorecendo o desenvolvemento persoal, as habilidades sociais e a convivencia.

Unha iniciativa que promove actividades adaptadas

O programa diríxese a persoas con discapacidade intelectual, física e/ou sensorial, persoas con TEA e persoas con necesidades intensas de apoio. As actividades adáptanse por idades, intereses, capacidades e niveis de autonomía, e combinan xogos, obradoiros, saídas, experiencias sensoriais, de modo que todos e todas poidan gozar dunha excursión ou actividade especial.

AS ACTIVIDADES DISTRIBÚENSE NOS PERÍODOS NON LECTIVOS: SEMANA SANTA, VERÁN E NADAL, MOMENTOS NOS QUE AUMENTA A NECESIDADE DE ALTERNATIVAS DE LECER ADAPTADO E DE APOIO Á CONCILIACIÓN DAS FAMILIAS



8.1. PROGRAMA VIGO INCLUSIVO

Servizos e programas para o colectivo de persoas con discapacidade

8

Actividades da Semana Santa

O campamento de Semana Santa celebrouse os días 14, 15, 16 e 21 de abril no Museo Verbum, en Samil.

O programa desenvolveuse cun modelo de atención adaptada e personalizada, dando resposta a persoas con diferentes perfís e necesidades de apoio.

Un equipo de 17 profesionais garantiu unha atención individualizada e adaptada ás necesidades de cada persoa, reforzando os apoios e o acompañamento ao longo das catro xornadas do campamento.

ACTIVIDADES

O programa adaptouse ás necesidades do grupo e ás condicións meteorolóxicas, desenvolvendo actividades no interior do Verbum:

- Terapia canina (2 sesións)
- Sesión de cine
- Xogos e actividades
- Festas de despedida



35

PERSOAS PARTICIPANTES



+ 30 %

DAS PERSOAS PARTICIPANTES
UTILIZABAN CADEIRA DE
RODAS



~ 20 %

DAS PERSOAS ERAN MOI
DEPENDENTES



4.960 €

DO INVESTIMENTO



**VIGO INCLUSIVO
EN DATOS**

8.1. PROGRAMA VIGO INCLUSIVO

Servizos e programas para o colectivo de persoas con discapacidade

Actividades da Verán


Os campamentos de verán desenvolvéronse durante os **meses de xullo e agosto** en diferentes localizacións da cidade, principalmente no Museo Verbum e na Asociación San Francisco. A esta programación sumáronse tamén campamentos municipais da Concellería de Xuventude en Vigo Nature, ademais dun campamento nas instalacións de Amencer e doutro centrado nas novas tecnoloxías no Centro Municipal de Formación.

A programación combinou **saídas, obradoiros e actividades de lecer adaptadas ás características dos grupos**. Entre as actividades realizadas figuran visitas ao parque de bolas, sesións de terapia canina, equinoterapia, experiencias en centros de realidade virtual (Inmersia), participación en actividades de lonxevidade activa e obradoiros creativos de elaboración de chaveiros ou lámpadas.

**O PROGRAMA DE VERÁN
CARACTERIZOUSE POR UNHA MAIOR
PRESENZA DE PERSOAS CON TEA,
REFORZANDO A CAPACIDADE DE
RESPOSTA DO SERVIZO A PERFÍS
DIVERSOS**



● 2024 ● 2025



143

PERSOAS PARTICIPANTES



31

DAS PERSOAS PARTICIPANTES
UTILIZABAN CADEIRA DE RODAS



28

DAS PERSOAS ERAN MOI
DEPENDENTES

8.1. PROGRAMA VIGO INCLUSIVO

Servizos e programas para o colectivo de persoas con discapacidade

Actividades do Nadal

O campamento de Nadal celebrouse os días 22, 23, 26, 29 e 30 de decembro tamén no Museo Verbum. Recibíronse 34 solicitudes e participaron 32 persoas, das que 12 eran persoas en cadeira de rodas e 5 persoas moi dependentes.

A programación desenvolveuse en horario de mañá e combinou **actividades de lecer adaptadas** como paseos, xogos ao aire libre, obradoiros de Nadal, espectáculos de maxia e unha festa de fin de ano



32

PERSOAS PARTICIPANTES



12

PERSOAS PARTICIPANTES
UTILIZABAN CADEIRA DE RODAS



5

PERSOAS ERAN MOI
DEPENDENTES

**O PROGRAMA AMPLIOU AS PRAZAS
DISPONÍBLES PARA GARANTIR A ATENCIÓN
DE TODA A DEMANDA E DAR RESPOTA A
NECESIDADES DE CONCILIACIÓN LABORAL,
MONOPARENTALIDADE E COIDADOS NO
FOGAR**



8.2. CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

Servizos e programas para o colectivo de persoas con discapacidade

8

Xunto ao programa municipal Vigo Inclusivo, a atención ás persoas con discapacidade complétase coa colaboración do Concello de Vigo con entidades sociais especializadas que desenvolven programas de apoio, autonomía persoal, lecer, respiro familiar, accesibilidade comunicativa e acompañamento en distintas situacións de vulnerabilidade.

Esta liña de colaboración permítenos ampliar a capacidade de resposta municipal e chegar a realidades moi diversas dentro do colectivo de persoas con discapacidade, a través de programas consolidados e fortemente vinculados ao tecido social da cidade.



Programa “Móvome: autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento da contorna”

O Concello de Vigo colabora coa Asociación Down Vigo no desenvolvemento do programa “Móvome”, unha iniciativa orientada a promover a autonomía persoal, as habilidades sociais e a participación activa na comunidade das persoas con síndrome de Down e/ou diversidade intelectual.



123

PARTICIPANTES



6.500 €

IMPORTE DO CONVENIO

Convenio coa “Asociación de Axuda aos Enfermos Mentais DOA”

Este convenio desenvólvese co obxectivo de mellorar a autonomía persoal e favorecer a integración social das persoas con problemas de saúde mental e das súas familias.

DOA leva a cabo diversos programas orientados ao fomento da autonomía persoal das persoas con problemas de saúde mental mediante obradoiros de fomento das capacidades, obradoiros de novas tecnoloxías e actividades de tempo de lecer encamiñadas ó coñecemento da cidade e do seu contorno na procura dunha interacción coa sociedade en xeral.



10.000 €

IMPORTE DO CONVENIO



Convenio coa “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA)

Este convenio ten como finalidade apoiar ás persoas con demencias neurodexenerativas e ás súas familias, ofrecendo recursos que contribúen á súa calidade de vida e ao seu benestar emocional.

A través desta iniciativa desenvólvense obradoiros de estimulación cognitiva e funcional dirixidos a manter e reforzar as capacidades das persoas usuarias, promovendo ao mesmo tempo a participación social e o benestar persoal. O programa tamén ofrece apoio ás familias mediante espazos de información, acompañamento e respiro, contribuíndo á conciliación e ao coidado.



126

PARTICIPANTES



20.000 €

IMPORTE DO CONVENIO

8.2. CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

Servizos e programas para o colectivo de persoas con discapacidade

8



Convenio coa “Asociación Española Contra o Cancro”

A través deste convenio, o Concello colabora activamente na execución do “Programa de atención psicosocial á persoa doente oncolóxica e ás súas familias”, co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida a través de programas específicos de intervención psicolóxica individual, grupal e social, actividades de ocio e lecer, redes de apoio entre persoas con experiencias compartidas e iniciativas de inserción laboral.



145

PERSOAS ATENDIDAS



7.000 €

IMPORTE DO CONVENIO

Convenio coa “Asociación Galega S. Francisco”

Este programa, realizado en colaboración coa Asociación Galega San Francisco, está orientado a promover o lecer inclusivo e a convivencia das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias, a través de xornadas de convivencia e actividades de estimulación que favorecen a participación social, o desenvolvemento persoal e o acceso a espazos de ocio en igualdade de condicións.



8.000 €

IMPORTE DO CONVENIO



Convenio coa “Fundación Menela”

Dirixido a persoas menores con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e ás súas familias, co obxectivo de favorecer a súa autonomía e facilitar o apoio no ámbito familiar. A través de actividades de lecer e propostas baseadas no xogo, promóvese o desenvolvemento de habilidades persoais e sociais das persoas participantes.



8.000 €

IMPORTE DO CONVENIO

Convenio coa “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (ASV)

Programa orientado a facilitar a comunicación e eliminar barreiras para as persoas con discapacidade auditiva, favorecendo a súa autonomía e participación social.

A través desta iniciativa préstase un servizo de interpretación en lingua de signos (LSE), que permite o acceso en igualdade de oportunidades a distintos ámbitos da vida cotiá, como a atención sanitaria, as xestións administrativas ou os ámbitos educativo, laboral e social.

O servizo, totalmente gratuíto para as persoas usuarias, pode ser solicitado por persoas xordas ou oíntes e tamén por entidades públicas e privadas que necesiten manter unha comunicación coas persoas xordas.




865

SERVIZOS REALIZADOS



22.860 €

IMPORTE DO CONVENIO



9

Servizos e programas para prevención de condutas aditivas



9.1 PLAN LOCAL SOBRE DROGODEPENDENCIA E OUTRAS ADICCIÓNS (PLDA)

Servizos e programas para prevención de condutas aditivas

9

O PLDA nace co obxectivo de ofrecer, por unha banda, unha estratexia común de apoio ás persoas con problemas de consumo de drogas e outras adiccións, mellorando a coordinación entre os distintos recursos e reforzando a colaboración entre profesionais, institucións e entidades. Ao mesmo tempo, promove actuacións orientadas á prevención das condutas aditivas na cidade.

O PLDA de Vigo desenvólvese mediante a colaboración entre as administracións e as diversas entidades que traballan no ámbito das adiccións.

OBJEKTIVOS PLDA

Promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os costes persoais e sociais relacionados coas drogas.

Potenciar o desenvolvemento integral das persoas.

Fomentar as capacidades e habilidades persoais que faciliten actitudes e comportamentos de rexeitamento ante a oferta de drogas.

Reducir a intención de consumo de drogas entre a poboación adolescente e a mocidade.

Ofrecer alternativas de vida e lecer saudables.



9.2 UNIDAD ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS (UAD-CEDRO)

Servizos e programas para prevención de condutas adictivas

9

A Unidade Asistencial de Drogodependencias (CEDRO) é un **dispositivo asistencial de carácter público que forma parte da Rede Asistencial de Trastornos Adictivos de Galicia**.

CEDRO desenvolve programas especializados de atención ás adiccións, ofrecendo apoio sanitario, psicolóxico e social ás persoas usuarias. O servizo respecta os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade, en coordinación co resto dos dispositivos de atención ás adiccións e de saúde mental da área sanitaria.

Coordinación con entidades, institucións e administracións

Para reforzar a atención social e favorecer os procesos de inclusión social das persoas con trastornos adictivos.

Participación a distintos niveis de coordinación e organización

- Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo.
- Plan de Trastornos Adictivos de Galicia.
- Plan Nacional sobre Drogas).

Intervención no medio

Para coñecer, motivar ao tratamento e reducir o dano en persoas con trastornos adictivos que non acoden á rede asistencial.



9.3 OUTROS PROGRAMAS REALIZADOS NO 2025

Servizos e programas para prevención de condutas aditivas

Durante o ano 2025 desenvolvéronse diversos programas de prevención de condutas aditivas dirixidos principalmente á poboación infantil e xuvenil, así como ás súas familias e contornas próximas. Estas actuacións abordaron cuestións relacionadas co consumo de substancias e outras condutas de risco, promovendo hábitos saudables, a reflexión crítica e a toma de decisións responsables desde idades temperás.

A intervención desenvolveuse en diferentes ámbitos, especialmente no educativo, pero tamén no familiar e comunitario, adaptándose ás características de cada grupo. Os principais programas levados a cabo ao longo do ano foron:

Programa Non Pasa Nada ¿Pasa algo? Alumnado da ESO	 161 programas	 3972 estudiantes
Programa Odisea Alumnado de FPB, Ciclos Medios e Ciclos Superiores	 22 programas	 337 estudiantes
Programas Información-Sensibilización Alumnado de 6ºEP	 118 programas	 2240 estudiantes
Programa Máis que un teito Alumnado desde 3 ata 18 anos	 59 programas	 725 familias
Programa Entre todos Familias con fillos e fillas fronte ás condutas aditivas	 47 intervencións psicolóxicas.	
Programas Información-Sensibilización Clubes deportivos	 1 programa	 15 xóvenes
Programa Formación Mediadores Mediadores sociais	 8 programas	 120 mediadores
Programa Activa Mediadores xuvenís	 2 programas	 18 mediadores

O PROGRAMA “NON PASA NADA, ¿PASA ALGO?”, ACADOU O MAIOR ALCANCE EN 2025, REPRESENTANDO O 43% DO TOTAL

9.4 CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

Servizos e programas para prevención de condutas aditivas

9

O Concello de Vigo mantén unha colaboración estable coas entidades sociais **“Alborada”, “Amaina” e “Érguete”** para o desenvolvemento do programa de prevención das drogodependencias e outras condutas aditivas. Estas organizacións, integrantes da Comisión Técnica de Prevención do PLDA, están inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e contan cunha ampla experiencia na posta en marcha de accións preventivas.

Este traballo conxunto **permite impulsar actuacións orientadas a sensibilizar á poboación** sobre os efectos e as consecuencias asociadas ao consumo de drogas, reforzando ao mesmo tempo a importancia da prevención e da implicación social como ferramentas fundamentais para promover hábitos de vida saudables.

O programa céntrase tamén en fortalecer as habilidades persoais e sociais, especialmente entre a poboación máis nova, promovendo factores de protección fronte ao consumo.

A través de intervencións nos ámbitos familiar, educativo e comunitario, contribúese á detección temperá e á abordaxe dos primeiros consumos, favorecendo respostas máis eficaces e coordinadas.



106.800 €

O ORZAMENTO DO
CONVENIO





CONCELLO
DE VIGO



10

**Fomento da
solidaridade**

10.1 COOEPRACIÓN INTERNACIONAL

O Concello de Vigo reforzou en 2025 o seu compromiso coa cooperación internacional e coa solidariedade, **apoando proxectos orientados á mellora das condicións de vida, á inclusión social e ao acceso a dereitos básicos en países e comunidades en situación de vulnerabilidade.**

60.000 €

**DESTINADOS Á COOPERACIÓN
INTERNACIONAL EN 2025**

12

**PROXECTOS DE
COOPERACIÓN APOIADOS
POLO CONCELLO DE VIGO**



A través da convocatoria municipal de subvencións a ONGD, financiáronse doce proxectos de cooperación internacional cun investimento total de 60.000 €, impulsados por entidades sociais con experiencia en ámbitos como a educación, a infancia, a alimentación, o desenvolvemento comunitario ou o apoio a persoas en situación de especial vulnerabilidade. Estas actuacións contribúen ao avance dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e reforzan o papel de Vigo como cidade comprometida coa solidariedade e coa cooperación global.

Ademais, **o Concello apoiou unha actuación humanitaria** promovida por **ACNUR, Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados**, reforzando a colaboración con organismos internacionais na atención a situacións de emerxencia e na protección de persoas desprazadas e refuxiadas.

**O CONCELLO DE VIGO IMPULSA PROXECTOS DE COOPERACIÓN
INTERNACIONAL QUE MELLORAN O ACCESO Á SAÚDE, Á
ALIMENTACIÓN E Á IGUALDADE DE OPORTUNIDADES**

10.1 COOEPRACIÓN INTERNACIONAL

AS PROXECTO “AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES”

No ano 2025, o proxecto impulsado pola Asociación Aulas Abertas Comedores Escolares chegou a arredor de 700 familias da rexión peruana de Cajamarca e a 20 familias en Lima, reforzando o acceso á alimentación e ao apoio educativo da infancia en situación de vulnerabilidade.

A iniciativa contribúe a garantir unha alimentación equilibrada para nenos e nenas que acoden diariamente á escola, favorecendo o seu benestar, desenvolvemento e aprendizaxe en contornas con especiais dificultades sociais e territoriais.

**PERÚ****720**FAMILIAS
BENEFICIARIAS**9.944,75 €**SUBVENCIÓN
MUNICIPAL

FUNDACIÓN AGUA DE COCO

Apoio socioeducativo á poboación infantil e adolescente en risco de exclusión social, especialmente afectada pola crise socioeconómica e climática do país. A iniciativa reforza a protección da infancia a través do acompañamento educativo e comunitario, contribuíndo a mellorar as oportunidades de desenvolvemento persoal e inclusión social da poboación máis vulnerable.

**MADAGASCAR****53**PERSONAS
BENEFICIARIAS**10.220,99 €**SUBVENCIÓN
MUNICIPAL

10.1 COOEPRACIÓN INTERNACIONAL

FUNDACION TALLER DE SOLIDARIDAD (SSJ)

Creación de hortos orgánicos familiares para mellorar a seguridade alimentaria e favorecer a reforestación comunitaria.

**62**

MULLERES

**10.000,00 €**

SUBVENCIÓN MUNICIPAL

**BOLIVIA**

OASOCIACION HARAMBEE

Reforzo do acceso a servizos esenciais mediante a mellora das infraestruturas enerxéticas e sanitarias, garantindo atención e seguimento médico especializado.

**218**

SEGUIMENTOS MÉDICO

**9.944,75 €**

SUBVENCIÓN MUNICIPAL

**HONDURAS**

SOLIDARIDAD EDUCACION Y DESARROLLO

Impulso dunha participación equilibrada de mulleres e homes no acceso á formación técnica e profesional.

**135**

PERSONAS XOVES

**9.944,75 €**

SUBVENCIÓN MUNICIPAL

**ZAMBIA**

10.2. SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SOCIAIS

A Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia recoñece o papel das administracións locais no impulso da colaboración coas entidades sociais e na promoción da participación da sociedade civil nas actuacións de carácter social. Neste marco, **o Concello de Vigo mantén unha liña de apoio estable ás entidades e asociacións sen ánimo de lucro da cidade, co obxectivo de reforzar proxectos sociais complementarios aos servizos municipais e ampliar a atención a colectivos con necesidades específicas.**

A través desta convocatoria de subvencións, apóianse iniciativas desenvolvidas no ámbito dos servizos sociais en Vigo, impulsadas por entidades que traballan en áreas como a inclusión social, a discapacidade, a saúde, o apoio ás familias ou a atención sociosanitaria.

Familia e infancia

Apoio ás familias, formación en igualdade e corresponsabilidade e iniciativas que favorecen a participación e a integración social da infancia e das unidades familiares.

Migracións e diversidade cultural

Iniciativas de apoio dirixidas a persoas migrantes e minorías étnicas, favorecendo a integración social, a convivencia e o acceso a recursos.

Inclusión social e atención a persoas vulnerables

Proxectos socioeducativos e de promoción social dirixidos a persoas en situación de vulnerabilidade, exclusión social ou sen fogar, favorecendo a inclusión e o acompañamento comunitario

Prevención e promoción da saúde

Programas preventivos e socioeducativos orientados á promoción da autoestima, á prevención das adicións e ao benestar emocional e social.

Persoas maiores e persoas con discapacidade

Actuacións orientadas á autonomía persoal, ao acompañamento, á estimulación psicomotriz e ao apoio emocional de persoas maiores e persoas con discapacidade, así como das súas familiares e persoas coidadoras.



10.2. SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SOCIAIS

DISCAPACIDADE E DIVERSIDADE FUNCIONAL

Fundación Aldaba · Alento Asociación de Daño Cerebral · Down Vigo · Aspanaex · Apamp · Fademga Plena Inclusión Galicia · Federación Cogami Pontevedra · Asem Galicia · Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple · Asociación Parkinson de Vigo · Amencer-Aspace · Asociación de Colaboración y Promoción del Sordo · Discamino de Santiago · Asociación Peques Azules

SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

Bicos de Papel · Asociación Española Contra el Cáncer · Asociación Diagnosticados de Cancro de Mama · Asociación Galega de Hemofilia · Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia · Asociación Alcer · Fundación Amedis

SAÚDE MENTAL E INCLUSIÓN SOCIAL

Asociación Doa Saúde Mental · Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia · Fundación Érguete-Integración · Fundación Amigó · Fundación Juan Soñador · Asociación Acción Solidaria Galicia (Asdegal) · Asociación Diversidades

PARTICIPACIÓN COMUNITARIA, CULTURA E LONXEVIDADE ACTIVA

Asociación Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares · Asociación Plan Comunitario de Teis · Asociación de Veciños de San Pedro de Sárdoma O Carballo · Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigocentro · Asociación da III Idade Nevox · Asociación Veciñal Doutor Fleming · Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos · Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia · Asociación de Veciños de Beade AVCU-CSCR-Anhida · Fundación Santa Cruz · Son Das Flores · Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos · Agrupación Socio Deportiva Alter-Nativa · Hogar y Clínica San Rafael


38

proxectos e iniciativas
sociais subvencionadas



89.926,37€
de subvención



11

Formación e educación no Concello de Vigo


11. FORMACIÓN E EDUCACIÓN

A formación e a educación constitúen ferramentas fundamentais para a prevención, a inclusión social e a promoción da autonomía persoal. Nun contexto marcado polos cambios sociais e tecnolóxicos, o acceso a competencias básicas, dixitais e profesionais resulta determinante para garantir a igualdade de oportunidades e a participación activa da cidadanía.

Neste sentido, **o Concello de Vigo impulsa distintas iniciativas orientadas a reforzar as competencias da cidadanía, facilitando o acceso a coñecementos e habilidades que melloran a capacidade de desenvolvemento persoal, social e profesional das persoas participantes.**

A través destes programas promóvese unha intervención que vai máis alá da resposta ás necesidades inmediatas, incorporando unha perspectiva preventiva e de acompañamento que reforza a capacidade das persoas para afrontar os retos do seu día a día.

O ACCESO Á FORMACIÓN E ÁS COMPETENCIAS DIXITAIS REFORZA A AUTONOMÍA PERSOAL, A INCLUSIÓN SOCIAL E A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NA CIDADE



11.1. CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DEL CONCELLO DE VIGO

Formación e educación

11

UN ESPAZO PARA A APRENDIZAXE, A INCLUSIÓN E O DESENVOLVEMENTO PERSOAL

O Centro Municipal de Formación do Concello de Vigo constitúe un recurso de referencia para a aprendizaxe ao longo da vida, a inclusión social e o desenvolvemento de competencias persoais, sociais, dixitais e profesionais.

A través dunha programación diversa, o Concello impulsa accións formativas orientadas a mellorar a autonomía das persoas, favorecer a inclusión sociolaboral, reforzar a participación cidadá e facilitar a adquisición de novas capacidades adaptadas ás necesidades actuais da poboación.

Desde o centro desenvólvense programas dirixidos a diferentes perfís e etapas vitais, con especial atención ás persoas que precisan reforzar a súa autonomía, mellorar as súas competencias ou acceder a novas oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional.

UN RECURSO MUNICIPAL QUE PROMOVE A FORMACIÓN, A INCLUSIÓN SOCIOLABORAL E O ACCESO DA CIDADANÍA A NOVAS OPORTUNIDADES DE APRENDIZAXE

SITUADO NO CASCO VELLO COMBINA:

INCLUSIÓN

SOCIOLABORAL

Programas dirixidos a reforzar a empregabilidade, a participación social e os procesos de integración.

DESENVOLVEMENTO PERSOAL

Espazos de aprendizaxe para gañar autonomía, seguridade e confianza na vida cotiá.

FORMACIÓN

Accións formativas orientadas á mellora das competencias persoais, sociais, dixitais e profesionais.

COMPETENCIAS

DIXITAIS

Formación para reducir a fenda dixital e mellorar a autonomía no uso de ferramentas tecnolóxicas.



11.1. CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DEL CONCELLO DE VIGO

FORMACIÓN PARA A INCLUSIÓN SOCIOLABORAL E O DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS

No marco do Plan de Inclusión Sociolaboral, o Centro Municipal de Formación desenvolveu en 2025 accións orientadas á mellora das competencias persoais, sociais, dixitais e prelaborais das persoas participantes.

Estas formacións facilitan a adquisición de ferramentas útiles para a vida diaria, o reforzo da autonomía persoal, a mellora da autoestima, a integración social e a preparación para a busca de emprego.

En total, realizáronse **12 edicións formativas, nas que participaron 173 persoas e 124 remataron a formación.** Os cursos desenvolvidos abrangueron habilidades sociais, cidadanía e integración, competencias persoais, autoestima, estratexias para a busca de emprego e competencias dixitais básicas e intermedias.

Formación para a integración e a participación social

Acción formativa	Edicións	Participantes	Remataron
Fortalecemento de habilidades sociais	1	11	9
Cidadanía e integración	3	54	41
Desenvolvemento de competencias persoais	1	10	6
Obradoiro de autoestima	2	28	20
Emprende o teu camiño. Estratexias para a busca de emprego	2	25	20
Competencias dixitais básicas	2	29	20
Competencias dixitais intermedias	1	16	8
Total	12	173	124

11.1. CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DEL CONCELLO DE VIGO

COMPETENCIAS DIXITAIS BÁSICAS PARA MAIORES DE 65 ANOS

Ademais da formación vinculada ao Plan de Inclusión Sociolaboral, en 2025 desenvolveuse unha acción específica de competencias dixitais básicas para persoas maiores de 65 anos, centrada no uso do smartphone e na mellora da autonomía dixital.

O programa traballou contidos prácticos vinculados á ciberseguridade, á administración electrónica, á saúde dixital, á banca e compras electrónicas e ao uso seguro das redes sociais. O obxectivo foi facilitar que as persoas participantes puidesen realizar tarefas cotiás en contornas dixitais con máis confianza, seguridade e independencia.

A formación desenvolveuse nos centros de Teis, Coruxo, Rúa Alta/Casco Vello e Saiáns. En total, rexistráronse 80 persoas inscritas, 63 persoas que iniciaron a formación e 39 persoas que finalizaron con acreditación de aproveitamento.

O programa obtivo resultados positivos en aprendizaxe e satisfacción. Un total de 39 persoas foron avaliadas, cunha nota media global de 8,89. Ademais, a valoración media global da satisfacción foi de 3,45 sobre 4, o que reflicte unha boa acollida da formación por parte das persoas participantes.

80 INSCRICIÓNS

8,89 NOTA MEDIA



11.2. PROXECTO DE INCLUSIÓN DIXITAL E COMPETENCIAS TECNOLÓXICAS (CRI-TIC)

Formación e educación

11

11

GRUPOS FORMATIVOS

330

HORAS DE FORMATCIÓN IMPARTIDA

100

PARTICIPANTES



CAMPAMENTO CRI-TIC

O Concello de Vigo, en colaboración coa Fundación Esplai Cidadanía Comprometida, desenvolveu durante o verán o **campamento CRI-TIC**, unha iniciativa orientada a combater a fenda dixital e reforzar as competencias tecnolóxicas entre a infancia e a mocidade.

A actividade levouse a cabo no **Centro Municipal de Formación de Rúa Alta** e estivo dirixida a nenos e nenas de entre **9 e 17 anos**. En total, participaron arredor de **100 persoas**.

Os contidos integraron ámbitos como a programación, a robótica educativa, a realidade virtual, a intelixencia artificial e a creatividade dixital. Así mesmo, prestouse especial atención ao uso seguro e responsable da tecnoloxía, abordando cuestións como a ciberseguridade, a prevención do ciberacoso e a identificación de riscos nas redes sociais.

O programa caracterizouse por un enfoque lúdico-formativo que favoreceu a implicación activa das persoas participantes e contribuíu ao desenvolvemento de competencias transversais como o pensamento crítico, o traballo en equipo e a creatividade. A valoración global foi positiva, tanto pola participación como polo interese xerado, destacando tamén o seu papel como recurso de conciliación familiar durante o período non lectivo.

**CONCELLO
DE VIGO**



**MEMORIA BIENESTAR SOCIAL
2025**